Sobre a presentación dos estudos precisos para a liberalización das peaxes da autoestrada de competencia autonómica AG-57, Puxeiros-Val Miñor, e a súa rebaixa para a totalidade das persoas usuarias

- 31539 - 18296 (11/PRE-008807)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a realización das obras de soterramento da avenida de Beiramar en Vigo

- 31537 - 18298 (11/PRE-008808)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a redacción do proxecto de construción da senda peonil e ciclista na PO-313, en Moaña

- 31482 - 18381 (11/PRE-008846)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para o remate das obras de urbanización do segundo tramo da circunvalación urbana da cidade de Monforte de Lemos

- 31315 - 18504 (11/PRE-008894)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, coñecido como Plan RehaVita



- 31381 - 19198 (11/PRE-009258)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre os datos referidos ás concesións outorgadas á Xunta de Galicia para a ocupación de terreos pertencentes ao dominio público marítimo-terrestre na Xunqueira de Alba, no concello de Pontevedra, e as súas previsións respecto do traslado das súas instalacións a outra localización

- 31481 - 19221 (11/PRE-009279)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento das peaxes nas autovías de titularidade estatal e da transferencia da autoestrada do Atlántico ou AP-9

- 31362 - 19487 (11/PRE-009367)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para conservar o patrimonio histórico-arquitectónico de Galicia

- 31313 - 19512 (11/PRE-009376)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 4 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento da Directiva europea de protección das aves

- 31535 - 22031 (11/PRE-009632)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 9 máis

Sobre a actuación do Goberno galego tras a detección da vertedura de xurros no río Tambre o pasado 9 de setembro

- 31476 - 25664 (11/PRE-009970)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o estado de execución do proxecto de reforma da estrada OU-540 no concello de Barbadás

- 31309 - 25703 (11/PRE-009974)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a execución total dos fondos covid recibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia para axudar as pequenas e medianas empresas e persoas traballadoras autónomas durante os exercicios 2020 e 2021

- 31473 - 25840 (11/PRE-009987)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis



Sobre a execución dos fondos do programa operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional 2014-2020

- 31471 - 25876 (11/PRE-009992)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para que os concellos de menos de 50.000 e de 20.000 habitantes se poidan beneficiar dos fondos europeos que financian plans e actuacións de mobilidade sustentable

- 31285 - 25925 (11/PRE-009996)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co arranxo completo da estrada autonómica LU-636

- 31467 - 27861 (11/PRE-010072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre o número de contaxios na residencia de maiores Domus Vi Bembrive, en Vigo

- 31465 - 28589 (11/PRE-010114)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do déficit de prazas en centros de día

- 31464 - 29040 (11/PRE-010135)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as medidas fiscais e tributarias previstas polo Goberno galego para contribuír á redistribución da riqueza en relación coas familias monoparentais

- 31463 - 29950 (11/PRE-010194)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do futuro da concesión da central hidroeléctrica Ponte do Inferno, no río Verdugo

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2022

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e ao abeiro do disposto nas Normas Reguladoras das Relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Propostas de Resolución** aos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria 2020, que inclúe a fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do exercicio 2019 (11/ICON-000003)

Resolución número 1

Aprobase a Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2019

Resolución número 2

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar dando cumprimento efectivo ás recomendacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia nos seus informes de fiscalización.

Resolución número 3

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a ditar unha nova instrución de contabilidade que adapte o contido da Conta Xeral á nova redacción do artigo 118 e seguintes do Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro.

Resolución número 4

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar aprobando plans de prevención de riscos de xestión por parte dos centros directivos que integran a administración xeral da Comunidade Autónoma e polos seus entes instrumentais.



Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 01/03/2022 17:12:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nas normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galiza, presenta as seguintes **Propostas de Resolución** aos **informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de 2020, que inclúe a fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de 2019 (11/ICON-000003)**.

Resolución núm. 1

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a desistir de obstaculizar pola vía da inacción o cumprimento das recomendacións contidas nos informes de fiscalización do sector público de Galiza que conteñen a fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de 2019 remitindo ao Parlamento galego un cronograma da súa concreción e a debida xustificación daquelas recomendacións que non se acepten. Así mesmo, ínstase á aprobación da Conta Xeral de 2019.

Resolución núm. 2

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar, mediante tramitación ordinaria, facilitando o traballo dos grupos con representación na cámara, as modificacións normativas oportunas a efectos de adiantar o prazo de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

rendición das contas a 30 de xuño do exercicio seguinte ao que se refiran, a fin de facilitar o achegamento no tempo do control externo a efectuar polo Consello de Contas tal e como reclama desde hai anos o organismo.

Resolución núm. 3

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas conducentes á corrección das deficiencias sinaladas polo Consello de Contas respecto do abuso do recurso do Fondo de Continxencia e o seu uso inadecuado.

Resolución núm. 4

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a avanzar na dirección sinalada polo Consello de Contas de estender o control financeiro sobre servizos ou áreas de xestión das Consellerías co obxecto de verificar o grao de cumprimento da legalidade en áreas máis susceptibles de riscos de xestión como as relativas á contratación ou á concesión de axudas públicas impulsando os mecanismos oportunos e negociado cos concellos galegos un marco de relacións seguindo o modelo de Plan Único implantado en tres das catro deputacións galegas.

Resolución núm. 5

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a abandonar as evasivas respecto do uso discrecional dos fondos públicos por parte da Deputación de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ourense e implicarse, desde o respecto á autonomía local, para que asuma as suxestións emanadas do Consello de Contas respecto da transparencia, da xestión do persoal, da redución do peso das subvencións nominativas e dos contratos menores e respecto do acceso da cidadanía á información.

Resolución núm. 6

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas conducentes diante do infrafinanciamento estrutural que amosa a Conta Xeral do SERGAS do ano 2019, para o que deberá comprometerse unha mellor planificación orzamentaria que inclúa unha calendarización para a recuperación de servizos privatizados e unha negociación co Estado español para un novo marco de financiamento para este servizo fundamental e para afrontar as consecuencias da covid-19, que non pode ficar a expensas do bloqueo da reforma do sistema de financiamento.

Resolución núm. 7

O Parlamento galego insta ao goberno galego a poñer en marcha un mecanismo transparente que estableza obxectivos e indicadores de cumprimento cando se proceda á creación de novos incentivos fiscais e a elaboración sistemática de estudos sobre os efectos dos beneficios fiscais nas políticas económicas e sociais ás que van destinados. Así mesmo, no prazo de tres meses a Xunta remitirá á cámara galega un estudo respecto dos incentivos fiscais arbitrados para dar resposta á crise da covid así como un estudo específico sobre os resultados dos denominados





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“impostos cero no rural” e das medidas contempladas na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza e na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica.

Resolución núm. 8

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a corrixir as eivas nos procedementos de contratación do SERGAS, singularmente a realizar unha análise realista e rigorosa da prestación que se contrata e planificación adecuada da súa duración (cronograma de inicio das actuacións de preparación da nova contratación), coa finalidade de evitar que os contratos se prolonguen sen xustificación e limitar desta forma a concorrência competitiva. Para tal efecto, a Xunta comprométese a remitir á Cámara Galega un informe no prazo máximo de 3 meses no que detalle os procedementos próximos a rematar e estude a posibilidade, ademais, da súa reversión ao público no caso de tratarse de contratacións privatizadas.

Resolución núm. 9

O Parlamento galego insta a Xunta a corrixir as eivas nos procedementos de contratación do SERGAS, singularmente a potenciar a figura dun responsable do contrato e outorgarlle competencias e funcións que lle permitan levar a cabo un control efectivo do pactado e incluír neste control o cumprimento das condicións laborais das persoas traballadoras, de forma que se eviten os constantes problemas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que estamos a ver no ámbito da atención sanitaria en servizos como a limpeza ou a seguridade.

Resolución núm. 10

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a corrixir as deficiencias reiteradas na dación de contas respecto da xestión dos Fondos de Compensación Interterritorial e remitir, en aras da transparencia, a información pendente ao Parlamento Galego e ao Consello de Contas. Singularmente, a información sobre a situación acumulada para cada proxecto a 31 de decembro de 2019, indicando o tipo de Fondo, número de proxecto e ano de orixe; correspondente tanto a gastos (Dotación proxecto, disposicións, obrigas recoñecidas e pagamentos realizados), como a ingresos (Previsión de ingresos, dereitos recoñecidos e cobros realizados). Así mesmo, a administración galega tomará as medidas oportunas para facilitar esta información desagregada en exercicios posteriores toda vez que o artigo 10 da LFFCI establece a obriga de que as comunidades contabilicen adecuada e separadamente a execución de cada proxecto de investimento financiado con cargo aos FFCI e con este proceder do goberno galego os estados achegados non permiten obter as desviacións de financiamento acumuladas asociadas a cada un dos proxectos financiados cos FFCI, nin achegan os datos necesarios para a súa determinación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resolución núm. 11

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a cumprir as recomendacións pendentes que se reiteran no último *Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial (Ejercicio 2019)* e que xa se incluían no anterior, así como a remitir á cámara galega un informe detallado do seu non incumprimento xa que isto non está suficientemente detallado nas alegacións que acompañan dito informe.

Resolución núm. 12

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a cumprir co seu Plan Xeral de Contabilidade pública e implantar no SERGAS un sistema integral de contabilidade así como aquelas correccións que reitera e sinala o Informe da Conta Xeral de 2019 e modificar a estrutura da clasificación orgánica do orzamento para adecuarse ás novas estruturas de xestión co fin de posibilitar un maior control, responsabilidade e eficiencia na xestión do orzamento.

Resolución núm. 13

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas conducentes a superar a residual participación dos concellos galegos na obtención de fondos europeos, que necesariamente debe ser corrixida para o aproveitamento dos fondos estruturais así como dos fondos do MRR. Para iso, a Xunta de Galiza dirixirase á FEGAMP para acordar mecanismos que corrixan este problema estrutural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resolución núm. 14

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a remitir á Cámara un informe exhaustivo do con respecto ao cumprimento das recomendacións do Consello de Contas respecto da base de datos XUMCO e a realización do traballo de homoxeneización da presentación das súas bases de datos, incluíndo un calendario de posta en marcha. Así mesmo, ínstase a que se avance nun sistema que permita realizar as reprogramacións ao longo do exercicio, a medida que os proxectos se desenvolven, de forma que a súa xestión sexa transparente e permita ter un coñecemento do grao de desenvolvemento dos fondos e de cal é o seu destino final, corrixindo as eivas actuais por impedir ter unha panorámica completa.

Resolución núm. 15

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a remitir ao Parlamento galego os informes emitidos en aplicación do plan de control financeiro do Sergas para o 2019.

Resolución núm. 16

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a iniciar un proceso de revisión do soporte contractual e da antigüidade dos concertos, con especial atención aos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sanitarios, así como ás colaboracións público-privadas do servizos públicos de cara a reorientar a organización destes cara a reversión para a xestión pública.

Resolución núm. 17

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a poñer en marcha de forma inmediata o rexistro de entidades do sector público previsto no art. 52 da LOFAXGA no que deben inscribirse a constitución das entidades e os demais actos relativos a elas que se determinen, debendo depositarse nel as contas de cada entidade para o efecto da súa remisión ao Consello de Contas, que continúa sen poñer en marcha como reflicte o informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas exercicio 2019.

Resolución núm. 18

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a establecer sistemas de control sobre as sociedades e fundacións públicas nas que a Administración autonómica non ostenta o control pero é o socio maioritario.

Resolución núm. 19

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a realizar e remitir á Cámara Galega para o seu debate un informe respecto do estado e evolución das incertezas e riscos que dende unha perspectiva de prudencia financeira sinala o Consello de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Contas no seu informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas exercicio 2019 e o impacto da pandemia nestes instrumentos, de cara a avaliar as actuacións que deben impulsarse.

Resolución núm. 20

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a poñer en marcha de forma inmediata unha mesa de traballo para abordar as diferentes problemáticas do persoal das fundacións públicas galegas, singularmente a disparidade entre as retribucións asignadas a postos semellantes e as irregularidades dos contratos temporais realizados que cobren prazas estruturais, posto que esta situación continúa pendente de resolver.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/03/2022 17:19:12

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/03/2022 17:19:22

Ramón Fernández Alfonzo na data 01/03/2022 17:19:31

Ana Pontón Mondelo na data 01/03/2022 17:19:43



Á Mesa da Comisión Permanente non legislativa para as Relacións co Consello de Contas

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 8.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta ante esa mesa as seguintes propostas de resolución, respecto dos informes de fiscalización do sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

Resolución núm. 1

O Parlamento de Galicia reproba a falta de dilixencia na labor de colaboración da Xunta de Galicia presidida por Núñez Feijóo co Consello de Contas de Galicia, ao continuar constatando que, en xeral, non se aprecian avances salientables no cumprimento das reiteradas recomendacións realizadas polo dito órgano.

Resolución núm. 2

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que aborde neste exercicio 2022 unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa un novo plan de contabilidade pública adaptado ao Plan Xeral de Contabilidade Pública do ano 2010, así como a mellora na delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral, dez anos despois da aprobación da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e a regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades.

Resolución núm. 3

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que anticipe antes do 30 de xuño do exercicio correspondente á rendición da Conta Xeral ao Consello de Contas e a súa remisión á Cámara galega.



Resolución núm. 4

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para, en cumprimento do principio de transparencia, presentar a memoria anual da Conta Xeral estruturada e completa, coa incorporación da información prevista na normativa de aprobación, especialmente, nos seguintes aspectos: a) da situación financeira global do sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e do grao de cumprimento de obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico.

Resolución núm. 5

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar correctamente a previsión orzamentaria de determinados programas de gasto que, ano tras ano, son obxecto de modificacións orzamentarias reiterativas, tales como o 411A, o 713F, o 723A ou o 741A, rematando coas deficiencias estruturais na súa valoración orzamentaria e que ofrecen unha imaxe inicial falseada de tales gastos.

Resolución núm. 6

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a fundamentar de xeito totalmente congruente e claro o financiamento vinculado ás incorporacións de crédito relativo á liquidación de exercicios anteriores.

Resolución núm. 7

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que obrigue a todas as entidades instrumentais autonómicas ao cumprimento das súas obrigas na rendición de contas, así como a elaborar toda a documentación necesaria para non limitar o alcance dos informes por parte do Consello de Contas de Galicia, procedendo ao subministro sobre o coste de actividades e indicadores de xestión como medio para avanzar na dirección por obxectivos e no control de eficiencia, elaborando e dando a coñecer un informe comprensivo dos principais resultados de control financeiro e auditoría pública.

Resolución núm. 8

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que adopte as medidas necesarias co fin de restrinxir o uso do programa 621B (Imprevistos e funcións



non clasificadas), e evitar a súa utilización como programa-ponte de transferencias de crédito co obxectivo de posibilitar a superación dos límites fixados pola normativa que impiden as transferencias directas entre as aplicacións afectadas.

Resolución núm. 9

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que regule os supostos de aplicación, así como a dotación asignada o Fondo de Continxencia, segundo establece a LOEOSF.

Resolución núm. 10

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facer unha correcta imputación orzamentaria e contable entre os investimentos reais e os gastos de carácter inmaterial, dado que a maior parte das operacións rexistradas no artigo 64 non corresponden a activos inmateriais nin a investimentos, tal e como acontece, por exemplo, cos gastos de publicidade, como reiteradamente vén informando o Consello de Contas ou os gastos de persoal vía encomendas de xestión artificiais.

Resolución núm. 11

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que publique na súa páxina de transparencia, información accesible e actualizada acerca dos obxectivos económicos e financeiros establecidos e o seu grao de realización polas diversas unidades de gasto do sector público autonómico.

Resolución núm. 12

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar un subsistema de rexistro contable específico para os proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial, e levar a cabo as actuacións necesarias para conseguir unha utilización máis eficiente dos recursos tal que ao final de cada exercicio se xustifique unha contía superior dos fondos aos que se realizou en precedentes exercicios.

Resolución núm. 13

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a rebaixar o volume, tanto en importe como número, das modificacións orzamentarias, realizando unha



concreta e axeitada valoración do seu impacto sobre os obxectivos de gasto programados.

Resolución núm. 14

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a respectar a lexislación aplicable e a non volver a diminuír, tal e como aconteceu no ano 2017, os créditos consignados para gastos do programa 312D para a atención á dependencia, ao tempo que verificar o nivel de calidade asistencial da rede pública de centros de atención ás persoas maiores adscritas á Consellería de Política Social.

Resolución núm. 15

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a computar e contabilizar correctamente os gastos correspondentes a cada exercicio económico, para evitar a validación de gastos de exercicios anteriores, así como desprazamentos de obrigas ao ano seguinte, que por non se computaren correctamente non figuran no cálculo do remanente e constitúen pasivos ocultos, e que para o ano 2019 supuxeron un importe global superior aos 144,97 millóns de euros, incrementándose nun 48 % o gasto desprazado respecto ao exercicio anterior.

Resolución núm. 16

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a integrar a todos os efectos as fundacións de investigación con conexións aos centros sanitarios públicos, no sector público autonómico, sometendo polo tanto as súas contas á rendición do Consello de Contas de Galicia.

Resolución núm. 17

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a regularizar os concertos sanitarios que se manteñen no tempo sen soporte contractual adecuado, para rematar coa utilización de xeito reiterado de autorizacións de uso que en moitos casos non acreditan necesidades urxentes que se pretenden atender por parte do Sergas.

Resolución núm. 18

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar a coordinación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma cos organismos e entes



públicos e privados especializados nos sectores estratéxicos relacionados cos obxectivos programáticos do novo marco operativo 2014-2020: innovación, investigación, tecnoloxía, sostibilidade, cambio climático e economía dixital, así como a formación do persoal vinculado a estes sectores, para favorecer deste xeito a captación de financiamento europeo nos proxectos que se poidan desenvolver nestas áreas.

Resolución núm. 19

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que empregue indicadores para o seguimento dos incidentes que se producen na execución dos proxectos europeos, de modo que se poidan evitar os atrasos nas certificacións e pagos aos que dá lugar o incumprimento das obrigas e condicións contraídas polos preceptores dos fondos europeos.

Resolución núm. 20

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que nas distintas bases de datos XUMCO e Conta Xeral, se incorpore o mesmo sistema de identificación e clasificación de todas as persoas beneficiarias de fondos europeos, relacionando os perceptores de fondos tramitados polo FOGGA e especificando os códigos e o nome completo das modalidades dos diferentes programas operativos de forma idéntica.

Resolución núm. 21

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a afondar no labor de control sobre o hospital privado de Povisa, efectuando unha análise do custo das prestacións sanitarias (de tipo asistencial e farmacéutico) para poder fixar con exactitude o importe a satisfacer a este ente concertado e permitir unha idónea comparativa co paciente atendido nos centros públicos, ao tempo que a implantar mecanismos efectivos para o seguimento e valoración sanitaria, así como dos sistemas de información, superando as eivas evidenciadas pola Administración autonómica neste sentido.

Resolución núm. 22

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar no prazo máximo de 5 meses un informe á Cámara galega no que dea conta pormenorizada do grado de execución ou incumprimento en relación ás conclusións e recomendacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia e recollidas no



documento “Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral”.

Resolución núm. 23

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar substancialmente e axilizar por parte do Sergas os procesos de reclamacións de responsabilidade patrimonial, reforzando a análise sobre os incidentes acontecidos e para avanzar no obxectivo da súa minoración, promover criterios homoxéneos que garantan unha maior calidade da instrución e regular o funcionamento da Comisión de seguimento existente.

Resolución núm. 24

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que poña en marcha o rexistro de entidades dependentes previsto na Lofaxga e estableza sistemas de identificación das entidades que poden reunir os requisitos legais para seren consideradas integrantes do sector público autonómico.

Resolución núm. 25

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incorporar un sistema completo de seguimento dos gastos con financiamento afectado, que permita coñecer de xeito fiable as desviacións de financiamento producidas no exercicio e as acumuladas desde o inicio dos proxectos de gasto, así como regularizar e depurar os dereitos recoñecidos pendentes de cobro, en especial os de maior antigüidade.

Resolución núm. 26

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que as entidades instrumentais actualicen o marco de contabilidade pública, aproben un novo plan galego ou se acollan ao Plan xeral de contabilidade pública aprobado pola Administración central.

Resolución núm. 27

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, conforme ás esixencias da Lofaxga, a establecer nas axencias públicas os necesarios indicadores de xestión, para a súa debida verificación polo Consello de Contas, así como a aprobación no prazo de tres meses dos plans estratéxicos e plans de acción anuais previstas nas



súas normas de creación e inéditos ata o día de hoxe.

Resolución núm. 28

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a verificar o nivel de calidade asistencial da súa rede de centros de atención ás persoas maiores adscritos á Consellería de Política Social.

Resolución núm. 29

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a negociar coas entidades locais galegas a asunción e o custe das competencias impropias que están sendo desenvolvidas polas corporacións locais, así como abordar un plan de financiamento local.

Resolución núm. 30

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar un Plan de comunicación anual que inclúa o orzamento total destinado a publicidade e propaganda distribuído por consellerías e entes instrumentais do sector público de Galicia.

Resolución núm. 31

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a publicar no portal de transparencia os expedientes de validación de gastos irregulares aprobados polo Consello da Xunta, a xustificación dos incumprimentos ou omisión de fiscalización detectados, incluíndo os expedientes de validación tramitados en relación co Sergas.

Resolución núm. 32

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar o cumprimento da obriga de publicidade da contratación menor, definindo o obxecto da contratación e permitindo a explotación dos datos por beneficiarios sen limitacións temporais, co obxecto de evitar os fraccionamentos irregulares e dar garantía aos cumprimentos dos principios básicos da contratación administrativa de publicidade, concorrência e integridade.



Resolución núm. 33

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á redución do grao de temporalidade no emprego público, especialmente no ámbito sanitario, que tal e como ten constatado o Consello de Contas. O obxectivo de temporalidade no emprego público está a nivel nacional no 8 %. En Galicia no exercicio 2019 a temporalidade alcanza o 27,75 %, sendo especialmente significativa no persoal laboral (0 50 %) e no persoal estatutario do Sergas (33 %).

Resolución núm. 34

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á elaboración dunha base de datos dos reparos efectuados polas distintas Intervencións Delegadas e as contestacións aos mesmos polos diferentes órganos xestores, para a fiscalización polo Consello de Contas de Galicia, do mesmo xeito que xa se efectúa o dito control en relación coas entidades locais de Galicia.

Resolución núm. 35

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar un informe que conteña os datos de execución dos fondos propios e recibidos do Estado do Xacobeo 2021, así como dos procesos de contratación.

Resolución núm. 36

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á profesionalización da xestión do Instituto Galego de Promoción Económica, que na actualidade presenta unha porcentaxe de falta de pagamento de préstamos concedidos do 47 %.

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/03/2022 16:36:55



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e ao abeiro do disposto no artigo 7.1 das normas reguladoras do Consello de Contas e o Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Recomendacións** respecto da Memoria anual de actividade do exercicio 2020

Recomendación número 1

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas analizar o impacto financeiro dos novos medicamentos de terapia avanzada CAR-T, e avaliar a capacidade de autoabastecemento dos mesmos.

Recomendación número 2

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a avaliación do contrato de xestión da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), no eido da valoración dos contratos programas das axencias públicas e o cumprimento do seus obxectivos.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 01/03/2022 17:12:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nas normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galiza, presenta as seguintes **recomendacións en relación coa Memoria anual de 2020 do Consello de Contas (11/MCON-000002)**.

Recomendación núm. 1

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización das contratacións públicas adxudicadas a Eulen por parte da Xunta de Galiza desde o ano 2009.

Recomendación núm. 2

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización relativo á execución dos contratos para o Servizo de reserva e ocupación de prazas de atención residencial para persoas maiores concertados e as consecuencias de eventuais incumprimentos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 3

O Parlamento galego recomenda ao Consello de Contas a elaboración dunha auditoría sobre os criterios aplicados pola Xunta de Galiza para reparto de fondos ou para a celebración de convenios coas Entidades Locais.

Recomendación núm. 4

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización sobre a execución dos contratos dirixidos á adaptación do Complexo do Antigo Hospital Xeral como Cidade da Xustiza de Vigo.

Recomendación núm. 5

O Parlamento galego recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe de fiscalización dos procesos de contratación de transporte público da Xunta de Galiza e do cumprimento das súas condicións.

Recomendación núm. 6

O Parlamento galego recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun estudo detallado sobre os supostos de responsabilidade patrimonial atribuídos á Xunta de Galiza nos últimos cinco anos como consecuencia da titularidade de vías de circulación de vehículos a motor, as concretas consecuencias provocadas nos mesmos e as medidas adoptadas para evitar a súa reprodución.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 7

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha fiscalización do procedemento de subvencións destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios básicos da Xunta de Galiza.

Recomendación núm. 8

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización específico relativo á Augas de Galiza con especial atención ás súas contratacións, adquisicións de material e á transparencia e equidade dos seus convenios de colaboración.

Recomendación núm. 9

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas someter a fiscalización as contratacións de medios aéreos para a extinción de incendios e para o servizo autonómico de salvamento marítimo.

Recomendación núm. 10

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización sobre a xestión da formación continua e da formación para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o emprego do goberno galego, con especial atención aos criterios de adxudicación, e aos prazos de pago.

Recomendación núm. 11

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas levar a cabo unha fiscalización específica en relación aos concertos educativos, a comezar polas entidades segregacionistas e con especial atención á análise dos criterios aplicados para outorgar ou non as axudas económicas.

Recomendación núm. 12

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría dos procesos de contratación dos servizos de comedores escolares de xestión indirecta.

Recomendación núm. 13

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas que dentro do Informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo que está a rematar inclúa unha análise sobre o incremento de custes respecto do inicialmente estimado de cara a avaliar a carga real que suporá para a facenda pública, así como unha estimación das posibilidades de reversión para a xestión integramente pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 14

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas someter a un informe de fiscalización as axudas concedidas polo goberno galego ao sector industrial da automoción desde o ano 2009 incluíndo unha análise do seu impacto na evolución do emprego considerando o número de empregos, o tipo de contratación e a evolución das horas de traballo así como da súa remuneración.

Recomendación núm. 15

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría da Fundación da Cidade da Cultura e do impacto económico da construción do novo edificio Fontán.

Recomendación núm. 16

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas desenvolver unha auditoría sobre os convenios de colaboración para publicidade institucional e campañas informativas da Xunta de Galiza no período 2016-2020, especialmente a través de medios de comunicación e en coincidencia con períodos preelectorais.

Recomendación núm. 17

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar un novo informe de fiscalización sobre a contratación de persoal do SERGAS avaliando a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

evolución do persoal funcionario e do persoal contratado en interinidades ou prazas temporais, incluíndo información separada por área sanitaria e, no caso da atención hospitalaria, por Hospital.

Recomendación núm. 18

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas dar continuidade ao próximo informe “Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na Área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos” de forma que en cada Plan de Traballo se incorpore o estudo dunha nova área sanitaria.

Recomendación núm. 19

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS).

Recomendación núm. 20

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas desenvolver unha auditoría sobre o estado das concesións saltos hidráulicos da bacía de Galiza Costa co período concesional rematado, singularmente: Central Hidráulica de Ponte Inferno, CH de Portochao, CH de Fecha, CH de Güimil, CH La Castellana e CH de Fervenzas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 21

O Parlamento galego recomenda ao Consello de Contas elaborar un estudo detallado sobre as desviacións de fondos inicialmente comprometidos para I+D+i nos orzamentos da Xunta de Galiza para outros ámbitos.

Recomendación núm. 22

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas realizar unha auditoría da reforma das instalacións da Xunta de Galiza en San Caetano.

Recomendación núm. 23

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización relativo á Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, organismo público e dependente de Turismo de Galicia.

Recomendación núm. 24

O Parlamento galego propón ao Consello de Contas a fiscalización das concesións de xestión dos centros de menores da Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 25

O Parlamento galego suxire ao Consello de Contas a fiscalización dos contratos de servizos de seguridade e limpeza dos Hospitais de Ourense, Verín e Valdeorras para avaliar o cumprimento ou non das súas condicións e a súas obrigas.

Recomendación núm. 26

O Parlamento galego suxire ao Consello de Contas a fiscalización selectiva da Axencia da industria forestal desde a súa posta en marcha até a actualidade.

Recomendación núm. 27

O Parlamento galego suxire ao Consello de Contas a fiscalización selectiva das subvencións de aforro e eficiencia enerxética e de enerxías renovábeis do período 2016-2021 do INEGA.

Recomendación núm. 28

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas someter a fiscalización o servizo de transporte de doentes, con especial atención aos tempos de resposta nas zonas rurais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 29

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización das axudas concedidas polo goberno galego a través do IGAPE para paliar o impacto da pandemia provocada polo COVID-19 na economía galega, con especial atención aos prazos de resolución.

Recomendación núm. 30

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas realizar unha auditoría das axudas concedidas polo goberno galego ao sector da industria téxtil desde o ano 2000, con especial atención ao impacto no emprego.

Recomendación núm. 31

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas realizar unha auditoría das axudas concedidas polo goberno galego para a internacionalización das empresas desde o ano 2000, con especial atención ao impacto no emprego.

Recomendación núm. 32

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría das axudas concedidas pola Xunta de Galiza ás empresas responsábeis do servizo do subministro eléctrico, con especial atención ao grao de cumprimento de obxectivos e calidade do servizo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 33

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría das axudas concedidas pola Xunta de Galiza ás empresas responsábeis da instalación de fibra, directamente ou a través de axudas ás entidades locais coa mesma finalidade, con especial atención ao grao de cumprimento de obxectivos e calidade do servizo.

Recomendación núm. 34

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización dos custos para o SERGAS da incorrecta cualificación como continxencias comúns de patoloxías de orixe profesional.

Recomendación núm. 35

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización sobre os contratos e o servizo prestado de xestión documental do SERGAS.

Recomendación núm. 36

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización sobre o destino dos fondos recadados a través do canon eólico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 37

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización respecto dos incentivos fiscais arbitrados para dar resposta á crise da covid así como un estudo específico sobre os resultados das medidas contempladas na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza e na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/03/2022 17:11:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/03/2022 17:11:45

Ramón Fernández Alfonzo na data 01/03/2022 17:11:53

Ana Pontón Mondelo na data 01/03/2022 17:12:02



Á Mesa da Comisión Permanente non legislativa para as Relacións co Consello de Contas

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 7.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes recomendacións á Memoria anual de actividades do exercicio de 2020.

Recomendación núm. 1

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización específico dos contratos e convenios de publicidade, protocolo e comunicación promovidos pola Xunta de Galicia durante os exercicios do 2015 ao 2021.

Recomendación núm. 2

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe específico de fiscalización e de auditoría operativa sobre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia dos anos do 2015 ao 2021, que incluírá as valoracións dos seus procesos de contratación e a externalización de servizos efectuados.

Recomendación núm. 3

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe sobre as axudas e convenios levados a cabo polo Goberno galego coas entidades locais e institucións delas dependentes, durante os anos do 2015 ao 2021, co obxecto de verificar ata que punto a súa concesión se realizou baixo criterios obxectivos, avaliábeis e non discriminatorios, ditaminando a posible legalidade ou falta de xustificación das contías outorgadas.

Recomendación núm. 4

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar neste exercicio 2022 o informe sobre o custo dos concertos hospitalarios realizado polo Servizo Galego de Saúde, no se que inclúa o custe global concertado con cada hospital, así como o custe por servizo concertado con indicación expresa da comparativa entre o custe do servizo realizado nun hospital público e nun centro



concertado, e o volume que estes concertos supoñen con respecto ao orzamento do Sergas.

Recomendación núm. 5

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre os procesos de contratación da Administración autonómica e as actuacións levadas a cabo sobre a base deles, durante os anos do 2015 ao 2021, respecto aos medios aéreos, nomeadamente aos servizos de extinción de incendios forestais, como os relativos ao rescate do Servizo de Gardacostas de Galicia.

Recomendación núm. 6

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre as posibilidades e custe para a Administración autonómica para acadar a liberalización das peaxes nas autoestradas A Coruña-Carballo e Puxeiros-Val Miñor, valorando o cesamento na xestión privada de tales infraestruturas.

Recomendación núm. 7

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a presentación urxentemente do Informe de Fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, incluído no Plan de Traballo do Consello de Contas do exercicio 2017 e que a día de hoxe está aínda sen presentar neste Parlamento, coa inclusión no dito informe da análise das posibilidades de recuperación para a xestión pública da concesión existente respecto do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, cesando a explotación privada de tal infraestrutura sanitaria básica.

Recomendación núm. 8

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre a valoración dos estudos previos e trámites de contratación administrativa levados a cabo pola Xunta de Galicia con respecto ás novas concesións do transporte público por estrada competencia da Comunidade Autónoma, analizando os seus custes e prestación de servizos en relación á posición anterior, a posible existencia de situacións contrarias á libre competencia, das reclamacións ou recursos efectuados, e valorando



singularmente as modificacións realizadas con respecto ao transporte de aqueles concellos con máis dificultades de acceso á mobilidade.

Recomendación núm. 9

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un balance de xestión, execución e cumprimento de obxectivos dos programas operativos dos fondos europeos xestionados pola Administración autonómica correspondentes ao marco de financiamento 2007-2013.

Recomendación núm. 10

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un balance de xestión, así como do grao de execución dos programas operativos dos fondos europeos xestionados pola Administración autonómica correspondentes ao marco de financiamento 2014-2020.

Recomendación núm. 11

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe sobre a eficiencia e a eficacia das medidas concretas e controis adoptados pola Xunta de Galicia no sector público autonómico en relación á prevención da corrupción, en especial en relación coa avaliación da execución efectiva das medidas adoptadas prevista no artigo 5 bis da Lei do Consello de Contas.

Recomendación núm. 12

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe sobre o comportamento dos cargos públicos do sector público autonómico en relación ao cumprimento do Código Ético Institucional, e a evolución do patrimonio dos cargos públicos previsto na modificación da Lei do Consello de Contas do ano 2015, desde a súa entrada en vigor ata o ano 2021 e dando cumprimento á competencia prevista na dita reforma relativa á fiscalización da evolución dos bens patrimoniais das persoas que ocupan altos cargos no sector público autonómico.

Recomendación núm. 13

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización sobre a as causas da evolución da débeda pública galega no período 2018-2021.



Recomendación núm. 14

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización sobre os gastos, obxectivos e composición das comitivas das viaxes ao exterior realizadas polo presidente da Xunta, os conselleiros e conselleiras, e os altos cargos da Administración autonómica.

Recomendación núm. 15

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización sobre o impacto económico e social dos beneficios fiscais aplicados pola Xunta de Galicia desde o exercicio 2015 ao 2021, e os estudos económicos obrigatorios que os ampararon reflectindo, nomeadamente, os seus efectos ao respecto da perda de poboación, así como das correccións do desequilibrio territorial de Galicia.

Recomendación núm. 16

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre as achegas recibidas polos concellos fusionados Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade por parte da Administración autonómica, así como sobre a situación económica e prestación de servizos á cidadanía dos concellos de Oza dos Ríos, Cesuras, Cerdedo e Cotobade antes da fusión e despois como concellos fusionados.

Recomendación núm. 17

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización e auditoría sobre a situación económico-financeira do Concello de Miño derivada do proceso urbanizador “Costa Miño Golf”.

Recomendación núm. 18

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre os auténticos índices de execución con respecto aos fondos europeos, sen ter en conta, tal e como realiza a Xunta de Galicia, as baixas de créditos efectuadas ao final dos exercicios sobre os remanentes de crédito non comprometidos, para a súa reprogramación en exercicios posteriores.



Recomendación núm. 19

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe sobre o custe das competencias autonómicas que están a ser desenvoltas ou financiadas polas corporacións locais, desagregando os seus principais compoñentes, e valorando posibles alternativas cara ao futuro para o seu refinanciamento.

Recomendación núm. 20

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre a metodoloxía de asignación de valores realizada pola Axencia Tributaria de Galicia na xestión de diversos impostos autonómicos, para o período 2009 á actualidade, e onde tamén se reflectan os aumentos impositivos acadados polos cambios establecidos e unha análise sobre os litixios producidos.

Recomendación núm. 21

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre a Axencia Galega de Innovación correspondente aos anos do 2015 ao 2021.

Recomendación núm. 22

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre a Asociación Cluster Empresarial de Turismo de Galicia.

Recomendación núm. 23

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre dos procesos de contratación da Axencia Galega de Turismo.

Recomendación núm. 24

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre do informe de fiscalización de cada unha das confrarías de pescadores.



Recomendación núm. 25

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre a calidade asistencial da rede de centros de atención ás persoas maiores.

Recomendación núm. 26

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre a eficacia das medidas adoptadas nas residencias públicas e concertadas privadas con motivo da xestión da pandemia da Covid-19 e as consecuencias de faltas de coidados sanitarios nas residencia da terceira idade e dependentes.

Recomendación núm. 27

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización dos obradoiros de emprego financiados pola Xunta de Galicia que inclúa a avaliación da concesión, xestión e resultados acadados nos últimos 10 anos.

Recomendación núm. 28

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización dos fondos destinados pola Xunta de Galicia a I+D+i no período 2009-2021.

Recomendación núm. 29

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar neste exercizo 2022 un informe de fiscalización sobre o destino de todos os ingresos recibidos do Estado debidos á xestión da pandemia da Covid-19 dende 2020 ata a actualidade.

Recomendación núm. 30

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un informe de fiscalización sobre o destino dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia



de xénero recibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia no período de 2018 a 2021.

Recomendación núm. 31

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un informe de fiscalización sobre a execución do Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19

Recomendación núm. 32

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un informe de fiscalización dos contratos de produción allea na CRTVG nos últimos 3 anos.

Recomendación núm. 33

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un informe de fiscalización sobre a implantación electrónica, ciberseguridade e ciberhixiene na Administración autonómica.

Recomendación núm. 34

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un informe de fiscalización sobre o Plan Rexurbe.

Recomendación núm. 35

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar neste exercicio 2022 un informe de fiscalización sobre os gastos en recursos humanos no sistema sanitario galego co seguimento dos fondos extraordinario recibidos para afrontar a pandemia da covid-19.

Recomendación núm. 36

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un balance provisional de xestión e cumprimento de obxectivos do programa operativo do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) xestionado pola Xunta de Galicia correspondente ao marco de financiamento 2014-2020.



Recomendación núm. 37

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre os contratos menores asinados pola Consellería do Medio Rural, durante os anos 2019 e 2021, expresando a relación de ofertas solicitadas para cada contrato.

Recomendación núm. 38

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre os contratos menores asinados pola Consellería do Medio Rural, vinculados aos proxectos de mercaproximidade e ás campañas de publicidade do superfeirón, tendo en conta a relación de ofertas realizadas para cada un deles.

Recomendación núm. 39

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre o custe para a Administración autonómica de cara a contribuír economicamente, xunto coa Administración central, á rebaixa das peaxes na AP-9.

Recomendación núm. 40

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un informe de fiscalización sobre as encomendas de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Recomendación núm. 41

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un informe sobre a temporalidade no emprego público no ámbito da Administración Xeral e do sector instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia.

Recomendación núm. 42

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar neste exercicio 2022 un informe sobre a xestión económico-financeira da covid-19: contratación de emerxencia, transferencias e axudas públicas.



Recomendación núm. 43

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar unha auditoría operativa do Plan Galicia Innova 2020 da Axencia Galega de Innovación.

Recomendación núm. 44

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas efectuar unha auditoría de regularidade en relación cos contratos de patrocinio da Administración xeral e do sector instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia.

Recomendación núm. 45

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas efectuar unha auditoría operativa en relación cos contratos de innovación e de compra pública innovadora da Administración xeral e do sector instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia.

Recomendación núm. 46

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas efectuar unha auditoría de regularidade e operativa sobre os expedientes de reintegro de fondos europeos no período 2014-2020 e as descertificacións efectuadas.

Recomendación núm. 47

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe sobre o número e volume de contratacións menores ou negociadas sen publicidade que foron utilizadas polo Sergas durante o ano 2021, valorando a súa pertinencia en canto ao formato de contratación usado e os obxectos dos contratos.

Recomendación núm 48

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre o destino dos fondos propios e recibidos do Estado do Xacobeo 2021, así como sobre os procesos de contratación.



Recomendación 49

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un informe de fiscalización sobre a implantación electrónica no eido da Administración de Xustiza.

Recomendación núm. 50

Realizar un informe de fiscalización sobre os procesos de contratación da Administración autonómica respecto dos medios personais na Administración de Xustiza.

Recomendación núm. 51

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que proceda á execución íntegra do seu orzamento especialmente no relativo á dotación de equipos humanos e materiais para a realización en prazo dos informes de fiscalización previstos nos respectivos plans de traballo do Consello de Contas.

Recomendación núm. 52

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dea preferencia nos procesos de provisión de postos de traballo no Consello aos procedementos de provisión de carácter permanente, fronte aos procedementos de carácter transitorio e temporais.

Recomendación núm. 53

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que no exercicio 2022 propoña unha comparecencia monográfica no Parlamento de Galicia en relación cos efectos da covid-19 na xestión económico-financeira das administracións públicas de Galicia.

Recomendación núm. 54

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que no exercicio 2022 propoña unha comparecencia monográfica no Parlamento de Galicia en relación coa resposta á crise da covid-19 polo sector público de Galicia na súa integridade.



Recomendación núm. 55

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre os convenios de colaboración suscritos pola Consellería do Medio Rural, durante os anos 2019 a 2021, e as entidades públicas instrumentales (Agader, Agacal, XERA), con expresión dos criterios de elaboración, adxudicatarios, importe e o resultado.

Recomendación núm. 56

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre os cursos de formación aprobados e adxudicados pola Consellería de Emprego, expresando criterios de adxudicación, estudos previos de idoneidad, adxudicatarios, importe e resultado de inserción no apartado de formación a desempregados.

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/03/2022 16:30:39



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 8348**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuación do proxecto de reurbanización do barrio de Monteporreiro, en Pontevedra, no ano 2021”**, (publicada no BOPG número 86 do 1 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Os viais e espazos libres de Monteporreiro son de titularidade municipal. Actualmente, non existe ningunha liña de actuación ou axudas do IGVS destinadas a actuar sobre espazos públicos, exceptuando as axudas de urbanización e reurbanización que reciben os concellos para actuacións en áreas de rehabilitación integral, condición que non ten Monteporreiro.

Por outra parte, o Concello anunciou que opta a fondos Netx Generation para actuacións de urbanización en Monteporreiro, polo que a Xunta no debe interferir nos plans a realizar sobre bens de titularidade municipal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:46:20
Nº Rexistro: 31491
Data envío: 03/03/2022 10:46:20.668

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:46:18

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9354**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión do Goberno galego en relación cos traslados de persoas maiores enfermas de covid-19 que se están a levar a cabo desde distintas residencias da Fundación San Rosendo ao centro dos Gozos, en Pereiro de Aguiar”**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia elaboráronse protocolos asistenciais conxuntos entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, coa mellor evidencia científica para a atención e tratamento das persoas residentes en centros sociocomunitarios.

Sempre que nalgunha residencia a calidade asistencial estivo en perigo, a Xunta de Galicia actuou, seguindo criterios exclusivamente sanitarios.

A Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como a subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recoñece a especial vulnerabilidade das persoas maiores, as persoas con discapacidade ou outros usuarios de centros residenciais e centros sociais con internamento ante a infección COVID-19, e a necesidade de dispoñer de recursos para a atención dos mesmos, obriga a adoptar novas medidas dirixidas a reducir o risco de contaxio e garantir a posibilidade de utilización de todos os recursos dispoñibles para a atención social e sanitaria destes colectivos.

En virtude do disposto no punto terceiro, apartado c, da Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, a autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma poderá, en función da situación epidémica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto e sempre atendendo



a principios de necesidade e proporcionalidade, intervir os centros residenciais e dispoñer unha serie de actuacións neles.

Deste xeito, a Consellería de Sanidade conxuntamente coa Consellería de Política Social acordaron levar a cabo dous tipos de actuacións. Por unha banda, a creación de Residencias Integradas para illamento e tratamento das persoas diagnosticadas con COVID-19 nos casos recollidos a continuación e, por outra, a intervención en centros residenciais, propoñendo distintos tipos de medidas, entre as que se atopan o apoio con empregados públicos, nas residencias con maiores dificultades no control das persoas infectadas ou na contención do brote, no seu caso, motivo polo que estas residencias denomínanse Residencias Intervidas ou "con expediente de intervención", de acordo coa terminoloxía empregada polo Goberno central.

Cando se detecte un caso confirmado de COVID-19 nunha residencia de maiores, nun centro de discapacidade ou noutros centros sociosanitarios para a atención as persoas con enfermidade mental grave, os equipos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, en función da súa situación clínica, poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside e, si se considera preciso, a intervención desta (sempre que sexa posible establecer medidas de illamento nela).

As Residencias Integradas son espazos residenciais destinados ao seguimento e tratamento das persoas con COVID-19 positivo paucisintomáticos ou con sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización. O obxectivo destas residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e, ademais, agrupar os casos confirmados de COVID-19 para realizar un tratamento continuado con persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Nestes centros, a Consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia sanitaria como da xestión polo que a xerencia da área sanitaria na que se atope a residencia integrada, ou persoa/s en quen delegue, e dirixirá todas as actuacións que teñan lugar nela.

A Residencia Intervida é a que o Servizo Galego de Saúde asume ou apoia no control sanitario dela, polo que estará sometida a unha supervisión continua durante o período que dure a intervención. A persoa encargada de organizar esta intervención é o/a xerente da área sanitaria ou persoa en quen delegue.





Cando o/a xerente ou persoa en quen delegue da área sanitaria aprecia que unha residencia das que está a tutelar reúne criterios para a intervención, deberá elevar un informe aos conselleiros de Sanidade e Política Social. Valorado o informe, os conselleiros deberán asinar unha resolución de intervención que se entregará á dirección da residencia e á entidade, sociedade ou persoa que exerza a súa titularidade.

No que respecta ao erro de identificación dunha persoa usuaria da residencia San Bartolomeu no concello de Xove, foi totalmene alleo ás responsabilidades dos servizos autonómicos

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:45:49
Nº Rexistro: 31487
Data envío: 03/03/2022 10:45:49.950

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:45:47

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9726**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Luís Álvarez Martínez, sobre **“a fase na que se atopa o proxecto para dotar de saneamento os núcleos de Viladóniga, Outeiro e Pedral, no concello de Boimorto, os prazos de inicio e de execución das obras, e a posta a disposición da Xunta de Galicia dos terreos necesarios”**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto para dotar de saneamento aos núcleos de Viladóniga, Outeiro e Pedral está xa supervisado administrativamente, estando pendente de sinatura o convenio de colaboración correspondente, que lle foi remitido ao Concello de Boimorto o pasado 24 de febreiro. Unha vez asinado este convenio é cando o Concello deberá poñer á disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios para poder executar a obra e, tras a posta a disposición dos terreos, poderase continuar coa licitación do proxecto e a execución da actuación.

Segundo recolle o texto do convenio trasladado pola Administración autonómica, a Xunta apoiará ao Concello no desenvolvemento das súas competencias municipais cofinanciando a actuación nun 80% coa achega de 432.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2022 12:50:24
Nº Rexistro: 31384
Data envío: 01/03/2022 12:50:24.623

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2022 12:50:22

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10196**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a sentenza xudicial referida á xestión do presidente da Federación Galega de Fútbol en relación cunhas actuacións de mellora no campo de fútbol municipal de Moraña"**, (publicada no BOPG número 97 do 18 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

"No caso de referencia, o goberno galego actuará conforme ás competencias que lle atribúe a normativa en vigor, nomeadamente a Lei do deporte de Galicia, Lei 3/2012, de 2 de abril, e adoptará ás medidas que correspondan segundo se establece no referido marco legal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:45:42
Nº Rexistro: 31486
Data envío: 03/03/2022 10:45:42.434

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:45:38

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 12139**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as deficiencias detectadas e informadas polos técnicos municipais na execución das obras de acondicionamento da rúa Marcelo Macías de Ourense”**, (publicada no BOPG número 109 do 11 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A actuación na rúa á que se refire a iniciativa está rematada. O proxecto contemplaba a renovación dalgunhas beirarrúas, a renovación completa do firme e da sinalización e tamén a reposición de servizos urbanos de abastecemento, saneamento, iluminación e semaforización”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2022 12:59:49

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 13797**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as obras executadas pola Xunta de Galicia no concello de Ourense e as xestións concretas realizadas ante o Goberno central para garantir a execución de infraestruturas ferroviarias e viarias"**, (publicada no BOPG número 123 do 13 de abril de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Logo da actuación na Avenida de Otero Pedraio, que rematou en marzo de 2019, o Concello de Ourense asumiu a titularidade da zona urbana desa rúa, dende o seu inicio na glorieta do Afiador ata o quilómetro 1. Dende este punto a titularidade é autonómica. A vía actual conta con dous carrís de circulación por cada sentido, separados por unha mediana vexetal, e responde a unha circulación periurbana, que se considera unha sección axeitada para a súa intensidade de circulación.

En canto á actuación na Rúa Marcelo Macías, está rematada. O proxecto contemplaba a renovación dalgunhas beirarrúas, a renovación completa do firme e da sinalización e tamén a reposición de servizos urbanos de abastecemento, saneamento, iluminación ou semaforización.

O 6 de febreiro do pasado ano entrou en servizo a nova estación de autobuses da intermodal de Ourense que foi executada pola Xunta. A adaptación da estación de tren á intermodalidade correspóndelle ao Goberno de España executala.

No que respecta á conexión de AVE entre Ourense e Lugo, aínda non se executaron as obras pese a que o compromiso era que estaría operativa en 2021. A Xunta ten insistido na



necesidade de que se executen tamén as variantes dos Peares-Canabal e a de Rubián, porque non facelo suporá reducir á metade o investimento comprometido e deixar aos lucenses sen alta velocidade, xa que sen as variantes o tempo de viaxe entre Lugo e Ourense só se reducirá 10 minutos.

Sobre a A-56, Ourense-Lugo, a Xunta de Galicia ten claro que é unha autovía fundamental para a vertebración do interior de Galicia. A súa execución está pendente dende 2003 e o primeiro tramo, A Barrela-San Martiño, púxose en servizo en 2020. É un tramo intermedio polo que ten unha mínima funcionalidade.

No que atinxe á A-76, a autovía Poferrada-Monforte-Ourense, a Xunta de Galicia ten trasladado ao Goberno español a necesidade de avanzar nas obras e priorizar os tramos Vilamartín-Requejo, Requejo-A Veiga e A Veiga-O Barco.

A Xunta vén solicitando de forma insistente ao Goberno central a axilización destas obras pola súa relevancia estratéxica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:45:26
Nº Rexistro: 31484
Data envío: 03/03/2022 10:45:26.403

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:45:23

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 14606**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión do Goberno municipal de Ourense en relación co sector cultural”**, (publicada no BOPG número 131 do 29 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 20310 e debatida no Pleno do Parlamento de Galicia do 22 de decembro de 2021; á que nos remitimos porque ofrece información sobre os investimentos da Xunta en materia cultural, tanto na cidade de Ourense como no conxunto de Galicia, que atenden ao contexto e ás necesidades do sector e dos cidadáns.

O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MGQ5ZTlkZTYtNTcyZC00NDdjLWEzMTQtYjY3NDA4ZjcxYWUz&start=139](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGQ5ZTlkZTYtNTcyZC00NDdjLWEzMTQtYjY3NDA4ZjcxYWUz&start=139)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:45:18
Nº Rexistro: 31483
Data envío: 03/03/2022 10:45:18.044

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:45:15

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7995**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a seguridade viaria na estrada PO-308 na zona da Barca e Andurique, en Poio, na que se producen de maneira reiterada atropelos de peóns”**, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta ten executadas ou en distintas fases de tramitación varias actuacións coas que a PO-308 está a converterse nunha referencia de seguridade viaria.

No concello de Poio, no marco do Plan de Sendas de Galicia, cabe destacar o Itinerario peonil e ciclista na PO-308 O Covelo-Raxó xa en servizo. Trátase dunha senda mixta de 3,7 quilómetros desde a travesía de Samieira ata o final da travesía de Raxó.

Esta actuación executouse simultaneamente coas obras do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020: MSV no entorno de tramo de concentración de accidentes na estrada PO-308, entre a intersección coa rúa de acceso ao peirao do Covelo e o miradoiro da Granxa.

Nesta estrada a Xunta de Galicia tamén vai a executar outro itinerario peonil e ciclista entre Fontenla-Combarro. O proxecto suporá a mellora, entre outras interseccións, do acceso ao IES de Poio, así como a construción de varias glorietas, como a prevista no acceso á zona da Seca. O 11 de xuño de 2021 publicouse no DOG a aprobación do expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción e o 24 de xuño de 2021 o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto.



No que atinxe ao treito Combarro-Chancelas-Samieira, logo de analizar todas as alegacións presentadas no trámite de información pública, de revisar novamente as afeccións a terceiros e valorar as necesidades da contorna, pola transcendencia dos cambios a actuación precisa un novo trámite de información pública, que se acometerá ao longo deste ano.

Hai que salientar ademais que a mellora integral que a Xunta de Galicia está a acometer na estrada PO-308 en Poio permitiu habilitar un novo acceso ao núcleo de Raxó.

En definitiva, para a mellora da PO-308 a Administración autonómica mobilizou 15,65 millóns de euros nos últimos 5 anos, que se completarán con outros 2,14 millóns de euros nas sendas e melloras de seguridade viaria na contorna de Combarro, por un lado en Fontenla e por outro en Chancelas ata Samieira.

Hai que engadir que desde o punto de vista da rede autonómica de estradas tense que garantir o acceso aos concellos de Poio e Sanxenxo, e isto resólvese coa VG-4.8, que dá acceso desde Campañó á capitalidade do concello de Poio, e AG-41, a Autovía do Salnés.

No que respecta a unha posible vía alternativa que facilite a convivencia dos veciños de Poio debe ser o Concello o que propoña o trazado dunha variante que capte tráfico da PO-308 e sexa social, ambiental e financeiramente viable”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 31570
Data envío: 03/03/2022 14:10:44.049

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 14:10:39

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 8346**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuación do proxecto de reurbanización do barrio de Monteporreiro, en Pontevedra, no ano 2021”**, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Os viais e espazos libres de Monteporreiro son de titularidade municipal. Actualmente, non existe ningunha liña de actuación ou axudas do IGVS destinadas a actuar sobre espazos públicos, exceptuando as axudas de urbanización e reurbanización que reciben os concellos para actuacións en áreas de rehabilitación integral, condición que non ten Monteporreiro.

Por outra parte, o Concello anunciou que opta a fondos Netx Generation para actuacións de urbanización en Monteporreiro, polo que a Xunta no debe interferir nos plans a realizar sobre bens de titularidade municipal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 13:31:06





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8426**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da dotación orzamentaria destinada na «lexislatura do rural» a acadar o obxectivo de mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais mediante o acondicionamento das principais vías de comunicación e outras infraestruturas”**, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“As actuacións para o impulso da mobilidade no rural deberían ter encaixe no programa Next Generation de fondos europeos. Pero o Goberno central excluíu a practicamente todo o territorio galego de poder acceder a estes fondos en materia de mobilidade.

O Goberno de España autoasignouse o 78 % deste fondos para actuacións do seu ámbito competencial, en especial en materia de ferrocarrís. Ademais, vinculou a convocatoria para obras a realizar por parte de concellos ás cidades maiores de 50.000 habitantes, xa que deben ser proxectos vinculados á creación de zonas de baixas emisións nesas cidades, un criterio que non impuxo a Unión Europea. Tamén deixou fóra deste fondos ás Deputacións Provinciais e esixiu que os investimentos das comunidades autónomas se concentren tamén nas cidades de máis de 50.000 habitantes.



En consecuencia, salvo cambio de opinión, por decisión do Goberno central non será posible aproveitar estes fondos para financiar actuacións que poidan mellorar a mobilidade no rural”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2022 12:59:59
Nº Rexistro: 31291
Data envío: 25/02/2022 12:59:59.096

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2022 12:59:56

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8528**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da mediación, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, para posibilitar a continuidade dos postos de traballo e a calidade do servizo da liña de transporte público colectivo Santiago-Aeroporto-Santiago”**, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 8527, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 2 do BOPG número 169, do 13 de xullo de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 31568
Data envío: 03/03/2022 14:10:26.628

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 14:10:23

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8847**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do inicio, no ano 2021, da execución do proxecto de construción dunha escola infantil da rede A Galiña Azul no concello de Salceda de Caselas”**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A día de hoxe, para moitos fogares galegos conciliar é compaxinar a vida laboral e persoal co tempo para o coidado dos nenos e tamén para o coidado das persoas maiores.

En materia de infancia, non podemos esquecer todos os avances que se consolidaron na nosa Comunidade para axudar ás familias que toman a decisión de ter fillos:

Somos pioneiros en impulsar a gratuidade das escolas infantís para segundos fillos e sucesivos;

Dispoñemos de prestacións para axudar a pagar a escola infantil a aquelas familias que non puidesen acceder a unha praza pública para o seu primeiro fillo: o Bono Concilia;

Investimos cada ano máis de 32 millóns de euros na Tarxeta Benvida;

E nos concellos nos que non hai ningún recurso de conciliación, o Goberno galego leva anos apostando polas casas niño, pequenos centros onde se coida a un máximo de cinco nenos.



No que respecta ao concello de Salceda de Caselas, na actualidade conta cunha escola infantil da rede Galiña Azul que se xestiona en virtude dun convenio formalizado co Concello en 2008. A Xunta de Galicia, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, está a disposición dos concellos para mellorar a conciliación de todas as familias galegas, polo que estudiará a necesidade de construír unha segunda escola infantil no devandito concello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:46:14
Nº Rexistro: 31490
Data envío: 03/03/2022 10:46:14.137

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:46:11

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9031**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a reclamación por parte da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da transferencia da xestión do ingreso mínimo vital”**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está a traballar na reforma da Lei de Inclusión Social de Galicia, en estreita colaboración coas entidades e os profesionais que traballan no sector.

O obxectivo principal da reforma é adaptar a Renda de inclusión social de Galicia (Risga) e as Axudas de Inclusión Social (AIS) ao novo contexto xurdido coa posta en marcha do Ingreso Mínimo Vital (IMV), e así mesmo apostarase pola simplificación e a redución da burocracia, co fin de que a tramitación destas axudas sexa o máis rápida e áxil posible.

No marco dos ditos traballos contemplárase a creación de programas e complementos que poidan apoiar ás persoas perceptoras do IMV no seu proceso de inclusión social activa, toda vez que nesta prestación unicamente se proporciona apoio de carácter económico básico.

Para poder avanzar na reforma da Lei de inclusión social de Galicia, é necesario que a normativa do IMV sexa firme, e non se produzan máis cambios. As constantes modificacións por parte do Goberno central dos requisitos e perfís de acceso ao IMV, fai moi difícil o labor de adaptación da Risga.



A Xunta de Galicia xa ten solicitado formalmente en distintas ocasións asumir a xestión do Ingreso Mínimo Vital (IMV), do mesmo xeito que se está asumindo dende hai moitos anos a xestión das pensións non contributivas, e en base á experiencia na tramitación destas e da renda mínima autonómica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:46:01





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9057**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da intervención das residencias de persoas maiores privadas como mecanismo de prevención mentres dure a pandemia da covid-19, co obxectivo de garantir a máxima calidade asistencial e sanitaria nelas”**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Consello da Xunta de Galicia no seu Acordo do 13 de marzo de 2020, declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Elaboráronse protocolos asistenciais conxuntos entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, coa mellor evidencia científica para a atención e tratamento das persoas residentes.

Galicia contou con protocolos de actuación ante a covid antes que o conxunto de España.

Por outro lado, o Goberno galego puxo a disposición de todas as residencias de Galicia e independentemente da súa titularidade, Plans de Continxencia para actuar cando aparecen casos ou brotes no seu interior. Estes Plans recollen un catálogo de medidas que conxuga a protección da saúde coa preservación do benestar emocional dos maiores.



Ademais, creáronse os Equipos de Seguimento Covid en todas as áreas sanitarias en coordinación entre as Consellerías de Sanidade e Política Social e asemade, incrementáronse as inspeccións conxuntas entre Sanidade e Política Social nos centros residenciais.

Sempre que nalgunha residencia a calidade asistencial estivo en perigo, a Xunta de Galicia actuou, independentemente da súa titularidade e seguindo sempre criterios exclusivamente sanitarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:45:57
Nº Rexistro: 31488
Data envío: 03/03/2022 10:45:57.043

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:45:54

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12137**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a preceptiva convocatoria da Comisión de seguimento ante as deficiencias detectadas polos técnicos municipais na execución das obras de acondicionamento da rúa Marcelo Macía, de Ourense”**, (publicada no BOPG número 109 do 11 de marzo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A actuación na rúa á que se refire a iniciativa está rematada. O proxecto contemplaba a renovación dalgunhas beirarrúas, a renovación completa do firme e da sinalización e tamén a reposición de servizos urbanos de abastecemento, saneamento, iluminación e semaforización”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2022 10:15:18



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13993**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a xestión da Xunta de Galicia en relación coa vixencia da declaración de impacto ambiental do proxecto de alongamento da Vía ártabra"**, (publicada no BOPG número 123 do 13 de abril de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 13992, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 139, do 14 de maio de 2021, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2022 10:27:34
Nº Rexistro: 31367
Data envío: 01/03/2022 10:27:34.100

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2022 10:27:28

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 14551**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Álvarez Martínez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“o impacto que tivo nos colectivos potencialmente beneficiarios a execución orzamentaria do 35,9% do programa 451B, Acceso á vivenda, respecto do crédito modificado no ano 2020”**, (publicada no BOPG número 130 do 28 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Na iniciativa estase a confundir o orzamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co do Instituto Galego da Vivenda e Solo. No programa 451B da Consellería inclúense exclusivamente os fondos finalistas do Estado que a Consellería transfere ao IGVS para a súa execución.

O IGVS executa os fondos finalistas do Estado xunto cos fondos propios da comunidade autónoma a través do programa 451B do orzamento propio do IGVS.

En 2020, o programa 451B do orzamento do IGVS estaba dotado cun crédito inicial de 33.242.800 euros, resultado da suma de 10.478.000 euros de fondos finalistas do Estado e 22.494.800 euros de fondos propios da comunidade autónoma.

Os fondos do plan de vivenda considéranse executados en fase D, cando as axudas xa foron concedidas, aínda que en parte ou en todo non estean pagadas, a falta das xustificacións pertinentes por parte dos beneficiarios. A execución en fase D do programa 451B do orzamento do IGVS acadou en 2020 71,54% sobre o crédito inicial.



Esa execución podería ter sido moi superior se non fose pola imposibilidade de executar preto de 6 millóns de euros destinados á adquisición de solo para a ampliación de San Paio de Navia. Dita adquisición non puido realizarse como consecuencia do atraso na aprobación por parte do Concello do plan parcial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 13:30:56
Nº Rexistro: 31545
Data envío: 03/03/2022 13:30:56.298

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 13:30:53

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14604**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a xestión do Goberno municipal de Ourense en relación co sector cultural"**, (publicada no BOPG número 130 do 28 de abril de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 20310 e debatida no Pleno do Parlamento de Galicia do 22 de decembro de 2022; á que nos remitimos porque ofrece información sobre os investimentos da Xunta en materia cultural, tanto na cidade de Ourense como no conxunto de Galicia, que atenden ao contexto e ás necesidades do sector e dos cidadáns".

O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MGQ5ZTlkZTYtNTcyZC00NDdjLWEzMTQtYjY3NDA4ZjcxYWUz&start=139](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGQ5ZTlkZTYtNTcyZC00NDdjLWEzMTQtYjY3NDA4ZjcxYWUz&start=139)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2022 10:27:18
Nº Rexistro: 31365
Data envío: 01/03/2022 10:27:18.382

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2022 10:27:16

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 15344**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance respecto do nivel de cumprimento do Plan de saneamento 2000-2015”**, (publicada no BOPG número 134 do 5 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 15346, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 149, do 4 de xuño de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 13:30:48
Nº Rexistro: 31544
Data envío: 03/03/2022 13:30:48.111

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 13:30:45

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 15487**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para desenvolver, a través de Portos de Galicia, o acondicionamento do paseo marítimo de Covelo nos termos acordados, ou de forma consensuada, co Concello de Poio”**, (publicada no BOPG número 134 do 5 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 1 de xuño de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 15488, presentada polo mesmo grupo parlamentario. O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2021-06-01?part=0f08355d-b8cd-41dc-9568-be38891f14f8&start=4640>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa referidas ao acondicionamento da contorno so paseo marítimo de Covelo en Raxó “.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 13:30:40
Nº Rexistro: 31543
Data envío: 03/03/2022 13:30:40.564

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 13:30:37

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15690**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para implementar plans de emprego específicos para os colectivos máis afectados pola covid-19"**, (publicada no BOPG número 138 do 12 de maio de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno Galego ten un firme compromiso coa salvagarda e a mellora da saúde do mercado laboral, como demostran as medidas implantadas para todas as galegas e os galegos e coas liñas de actuación específica para os colectivos sociais especialmente sensibles ás variacións económicas, como poden ser: as mulleres, as persoas mozas, as persoas con discapacidade e/ou as que se atopan en situación ou risco de exclusión social.

Neste sentido destacan o Plan Emprega Xuventude, o Plan Emprega Muller e o Plan Emprega Discapacidade-Exclusión social, que en 2022 mobilizarán máis de 132 millóns de euros para promover a empregabilidade destas persoas.

Ademais, co fin de dar unha resposta áxil e eficaz a situación socio-económica derivada da covid-19, a Xunta de Galicia tivo que incorporar a súa folla de ruta medidas de carácter extraordinario para mitigar os efectos desta sobre a sociedade galega.

En consecuencia, a Consellería de Emprego e Igualdade articulou e executou catro Plans de Rescate á fin de acompañar ao tecido produtivo e económico da nosa comunidade, especialmente a aqueles sectores e actividades afectadas en maior grao polas consecuencias da covid-19, como poden ser as persoas traballadoras autónomas ou as micropemes, así como actividades económicas como a hostalería, entre outras.



De feito, a través dos dous primeiros Plans de Rescate, con fondos autonómicos, mobilizáronse máis de 180 millóns de euros que permitiron atender 80.000 solicitudes, sendo isto posible grazas ao acerto no deseño, baseado na flexibilidade dos requisitos.

Pola contra, tanto a terceira como a cuarta edición dos Plans de Rescate, con fondos estatais, non acadaron os resultados precedentes debido ás restricións que o Estado impuxo ao tecido empresarial galego para acceder ás axudas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2022 10:16:29
Nº Rexistro: 31321
Data envío: 28/02/2022 10:16:29.466

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2022 10:16:27

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 15921**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para a realización das obras de soterramento do vial de Beiramar en Vigo"**, (publicada no BOPG número 140 do 19 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 15923, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 2 do BOPG número 169, do 13 de xullo de 2021, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 31567
Data envío: 03/03/2022 14:10:18.612

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 14:10:14

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 16251**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión do Goberno galego en relación coa Declaración de Impacto Ambiental do proxecto de restauración da mina de Casalonga"**, (publicada no BOPG número 144 do 26 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 18 de xuño de 2021 pola directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en resposta á pregunta oral 16250. Na súa intervención, a directora xeral explicou a situación da declaración de impacto ambiental coa que conta esta canteira e os pasos dados pola Consellería de Medio Ambiente".

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 18 de xuño de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizoa-2021-06-18> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 13:30:33
Nº Rexistro: 31542
Data envío: 03/03/2022 13:30:33.861

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 13:30:31

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 17435**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rei, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia respecto do aumento das verteduras ás rías aumenten nun 2020, cunha caída histórica do PIB do 10,8"**, (publicada no BOPG número 158 do 23 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 17434, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 8 de xullo de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a directora de Augas de Galicia salientou, entre outras cuestións, que a Xunta emendou o ano pasado un total de 93 puntos de vertido nas rías galegas. A directora de Augas de Galicia salientou tamén que no ano 2020 os puntos clasificados como contaminantes diminuíron con respecto a hai dez anos, pois representaban só o 16 % fronte ao 40 % do ano 2010.

A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2021-07-08?part=ca9358cc-156a-4016-9f3e-c716a5a7b77c&start=8990>



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2021-07-08?part=ca9358cc-156a-4016-9f3e-c716a5a7b77c&start=9986>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 31565
Data envío: 03/03/2022 14:10:02.863

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 14:09:59

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7945**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a mellora da estrada autonómica PO-546 entre Pontevedra e Marín”**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A estrada PO-546 entre Pontevedra e Marín é unha vía que en grande parte do seu trazado ten características urbanas, e cuxas marxes foron obxecto de desenvolvemento urbanístico. Hai que considerar que a mobilidade interurbana se produce fundamentalmente a través da PO-11, a PO-12, a AP-9 e a VG-4.4, quedando a PO-546 para unha funcionalidade local de servizo a vivendas e industrias. En ambos extremos, os máis densamente urbanizados, a estrada foi obxecto de cambio de titularidade en favor dos Concellos de Marín e Pontevedra.

No primeiro dos casos cun convenio beneficioso para ambas administracións, autonómica e local, ao acordarse un investimento da Xunta e un cambio de titularidade de maior ámbito que a actuación financiada; no caso de Pontevedra, tratouse dos primeiros 550 metros de estrada, e o Concello anunciou o compromiso económico da Deputación de Pontevedra, pero case tres anos despois do cambio de titularidade non se licitou a actuación de mellora.



A Xunta de Galicia ten previsto actuar a curto prazo na PO-546, acondicionando, nunha primeira fase, a zona de Estribela. No momento de contestar esta pregunta, o proxecto está redactado e en fase de supervisión, de xeito que se someterá pronto a información pública.

Estase, ademais, a estudar unha intervención de acondicionamento do treito entre Mollabao e Estribela.

Namentres non se acometen estas intervencións, a Xunta xa realizou unha reparación de urxencia das beirarrúas.

Os labores de limpeza, sega ou renovación de pintura acométese no marco da programación global da conservación da rede autonómica de estradas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 13:31:42
Nº Rexistro: 31551
Data envío: 03/03/2022 13:31:42.626

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 13:31:38

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7949**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a tramitación dos novos contratos do transporte público por estrada, as denuncias sobre irregularidades, a participación de empresas consultoras e os contratos coa empresa iPlan dende 2016 a 2020”**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021 teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de implantación do Plan de Transporte Público de Galicia, que supuxo a maior renovación do catálogo de servizos de transporte público de titularidade autonómica da historia da Comunidade Autónoma, tense completado o pasado 23 de decembro de 2020.

A tramitación dos expedientes de contratación que conlevou o desenvolvemento do Plan foron sometidos a información pública e a súa licitación foi tramitada por un procedemento aberto e competitivo. Ademais, o procedemento de licitación levouse a cabo dun xeito completamente transparente, sometido a control por parte de todos os licitadores que concorreron ao procedemento e por organismos independentes no ámbito administrativo e xudicial.

Tamén os recursos presentados por algunhas empresas de transporte de viaxeiros contra os pregos de contratación da Dirección Xeral de Mobilidade foron desestimados polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:46:27
Nº Rexistro: 31492
Data envío: 03/03/2022 10:46:27.621

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:46:24

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7994**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a mellora da seguridade viaria na estrada PO-308 na zona da Barca e Andurique, en Poio"**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta ten executadas ou en distintas fases de tramitación varias actuacións coas que a PO-308 está a converterse nunha referencia de seguridade viaria.

No concello de Poio, no marco do Plan de Sendas de Galicia, cabe destacar o Itinerario peonil e ciclista na PO-308 O Covelo-Raxó xa en servizo. Trátase dunha senda mixta de 3,7 quilómetros desde a travesía de Samieira ata o final da travesía de Raxó.

Esta actuación executouse simultaneamente coas obras do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020: MSV no entorno de tramo de concentración de accidentes na estrada PO-308, entre a intersección coa rúa de acceso ao peirao do Covelo e o miradoiro da Granxa.

Nesta estrada a Xunta de Galicia tamén vai a executar outro itinerario peonil e ciclista entre Fontenla-Combarro. O proxecto suporá a mellora, entre outras interseccións, do acceso ao IES de Poio, así como a construción de varias glorietas, como a prevista no acceso á zona da Seca. O 11 de xuño de 2021 publicouse no DOG a aprobación do expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción e o 24 de xuño de 2021 o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto.



No que atinxe ao treito Combarro-Chancelas-Samieira, logo de analizar todas as alegacións presentadas no trámite de información pública, de revisar novamente as afeccións a terceiros e valorar as necesidades da contorna, pola transcendencia dos cambios a actuación precisa un novo trámite de información pública, que se acometerá ao longo deste ano.

Hai que salientar ademais que a mellora integral que a Xunta de Galicia está a acometer na estrada PO-308 en Poio permitiu habilitar un novo acceso ao núcleo de Raxó.

En definitiva, para a mellora da PO-308 a Administración autonómica mobilizou 15,65 millóns de euros nos últimos 5 anos, que se completarán con outros 2,14 millóns de euros nas sendas e melloras de seguridade viaria na contorna de Combarro, por un lado en Fontenla e por outro en Chancelas ata Samieira.

Hai que engadir que desde o punto de vista da rede autonómica de estradas tense que garantir o acceso aos concellos de Poio e Sanxenxo, e isto resólvese coa VG-4.8, que dá acceso desde Campañó á capitalidade do concello de Poio, e AG-41, a Autovía do Salnés.

No que respecta a unha posible vía alternativa que facilite a convivencia dos veciños de Poio debe ser o Concello o que propoña o trazado dunha variante que capte tráfico da PO-308 e sexa social, ambiental e financeiramente viable”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 13:31:35
Nº Rexistro: 31550
Data envío: 03/03/2022 13:31:35.063

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 13:31:32

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 8074**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Guadalupe Murillo Solís e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación na que se atopan neste momento as obras de saneamento da ría de Pontevedra que ten en marcha o Goberno galego"**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 8075, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 28 de abril de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade salientou, entre outras cuestións, que a Xunta investirá case 38 millóns de euros na execución de obras de saneamento e depuración no concello de Pontevedra. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade tamén subliñou o apoio técnico e económico que o Goberno galego vén prestando aos concellos da ría de Pontevedra, coa mobilización de 47 millóns de euros, que se corresponden con traballo en execución e con actuacións planificadas.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:



[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-04-28?
part=7d3f7593-b9c3-4fea-864b-41f0b9eaed8a&start=15951](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-04-28?part=7d3f7593-b9c3-4fea-864b-41f0b9eaed8a&start=15951)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-04-28?
part=7d3f7593-b9c3-4fea-864b-41f0b9eaed8a&start=16274](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-04-28?part=7d3f7593-b9c3-4fea-864b-41f0b9eaed8a&start=16274)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 13:31:20
Nº Rexistro: 31548
Data envío: 03/03/2022 13:31:20.626

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 13:31:15

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 8383**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora na integración dos concellos de Silleda e Lalín na área de transporte metropolitano de Santiago, as previsións do Goberno galego referidas á realización dos trámites necesarios para ese fin, así como para a obtención da Tarxeta Nova polas persoas mozas deses concellos, e as actuacións que vai levar a cabo para mellorar o servizo que se vén prestando, en especial as frecuencias”**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Área de Transporte de Galicia que ten previsto poñer en marcha a Xunta permitirá estender ao conxunto da comunidade os beneficios do transporte metropolitano. Isto significará que todos os cidadáns de todos os municipios galegos, incluídos os de Lalín e Silleda, contarán con vantaxes similares ás que actualmente se aplican nas áreas de transporte metropolitano.

Así, sempre e cando o Concello estea adherido á Área de Transporte de Galicia e se utilice como medio de pagamento a tarxeta do Transporte Público de Galicia, os usuarios do transporte público dependente da Xunta, ademais de beneficiarse da gratuidade dos transbordos nos autobuses interurbanos, tamén poderán obter importantes bonificacións adicionais.



Dende o pasado 21 de maio, os menores de 21 anos de toda Galicia, co uso da tarxeta Xente Nova, poden viaxar de balde nos autobuses interurbanos da Xunta por todos os concellos da comunidade autónoma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 31569
Data envío: 03/03/2022 14:10:35.222

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 14:10:30

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 8848**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do inicio, no ano 2021, da execución do proxecto de construción dunha escola infantil da rede A Galiña Azul no concello de Salceda de Caselas”**, (publicada no BOPG número 89 do 4 de febreiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A día de hoxe, para moitos fogares galegos conciliar é compaxinar a vida laboral e persoal co tempo para o coidado dos nenos e tamén para o coidado das persoas maiores.

En materia de infancia, non podemos esquecer todos os avances que se consolidaron na nosa Comunidade para axudar ás familias que toman a decisión de ter fillos:

Somos pioneiros en impulsar a gratuidade das escolas infantís para segundos fillos e sucesivos;

Dispoñemos de prestacións para axudar a pagar a escola infantil a aquelas familias que non puidesen acceder a unha praza pública para o seu primeiro fillo: o Bono Concilia;

Investimos cada ano máis de 32 millóns de euros na Tarxeta Benvida;

E nos concellos nos que non hai ningún recurso de conciliación, o Goberno galego leva anos apostando polas casas niño, pequenos centros onde se coida a un máximo de cinco nenos.



No que respecta ao concello de Salceda de Caselas, na actualidade conta cunha escola infantil da rede Galiña Azul que se xestiona en virtude dun convenio formalizado co Concello en 2008. A Xunta de Galicia, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, está a disposición dos concellos para mellorar a conciliación de todas as familias galegas, polo que estudiará a necesidade de construír unha segunda escola infantil no devandito concello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:53:05
Nº Rexistro: 31500
Data envío: 03/03/2022 10:53:05.082

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:53:01

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12138**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as deficiencias detectadas e informadas polos técnicos municipais na execución das obras de acondicionamento da rúa Marcelo Macías, de Ourense”**, (publicada no BOPG número 108 do 10 de marzo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A actuación na rúa á que se refire a iniciativa está rematada. O proxecto contemplaba a renovación dalgunhas beirarrúas, a renovación completa do firme e da sinalización e tamén a reposición de servizos urbanos de abastecemento, saneamento, iluminación e semaforización”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2022 10:15:12
Nº Rexistro: 31270
Data envío: 25/02/2022 10:15:12.806

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2022 10:15:10

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 13796**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as obras executadas pola Xunta de Galicia no concello de Ourense e as xestións concretas realizadas ante o Goberno central para garantir a execución de infraestruturas ferroviarias e viarias"**, (publicada no BOPG número 123 do 13 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Logo da actuación na Avenida de Otero Pedraio, que rematou en marzo de 2019, o Concello de Ourense asumiu a titularidade da zona urbana desa rúa, dende o seu inicio na glorieta do Afiador ata o quilómetro 1. Dende este punto a titularidade é autonómica. A vía actual conta con dous carrís de circulación por cada sentido, separados por unha mediana vexetal, e responde a unha circulación periurbana, que se considera unha sección axeitada para a súa intensidade de circulación.

En canto á actuación na Rúa Marcelo Macías, está rematada. O proxecto contemplaba a renovación dalgunhas beirarrúas, a renovación completa do firme e da sinalización e tamén a reposición de servizos urbanos de abastecemento, saneamento, iluminación ou semaforización.

O 6 de febreiro do pasado ano entrou en servizo a nova estación de autobuses da intermodal de Ourense que foi executada pola Xunta. A adaptación da estación de tren á intermodalidade correspóndelle ao Goberno de España executala.

No que respecta á conexión de AVE entre Ourense e Lugo, aínda non se executaron as obras



pese a que o compromiso era que estaría operativa en 2021. A Xunta ten insistido na necesidade de que se executen tamén as variantes dos Peares-Canabal e a de Rubián, porque non facelo suporá reducir á metade o investimento comprometido e deixar aos lucenses sen alta velocidade, xa que sen as variantes o tempo de viaxe entre Lugo e Ourense só se reducirá 10 minutos.

Sobre a A-56, Ourense-Lugo, a Xunta de Galicia ten claro que é unha autovía fundamental para a vertebración do interior de Galicia. A súa execución está pendente dende 2003 e o primeiro tramo, A Barrela-San Martiño, púxose en servizo en 2020. É un tramo intermedio polo que ten unha mínima funcionalidade.

No que atinxe á A-76, a autovía Poferrada-Monforte-Ourense, a Xunta de Galicia ten trasladado ao Goberno español a necesidade de avanzar nas obras e priorizar os tramos Vilamartín-Requejo, Requejo-A Veiga e A Veiga-O Barco.

A Xunta vén solicitando de forma insistente ao Goberno central a axilización destas obras pola súa relevancia estratéxica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:45:33
Nº Rexistro: 31485
Data envío: 03/03/2022 10:45:33.528

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:45:30

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 14549**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Álvarez Martínez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“as razóns do incremento, por importe de 16.703.000 euros, levado a cabo no programa 451B, Acceso á vivenda durante o ano 2020, os valores acadados polos indicadores denominados «vivendas de promoción pública licitadas» e «axudas concedidas para o acceso á vivenda», así como o impacto do baixo nivel de execución que presenta”**, (publicada no BOPG número 130 do 28 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Na iniciativa estase a confundir o orzamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co do Instituto Galego da Vivenda e Solo. No programa 451B da Consellería inclúense exclusivamente os fondos finalistas do Estado que a Consellería transfere ao IGVS para a súa execución.

O IGVS executa os fondos finalistas do Estado xunto cos fondos propios da comunidade autónoma a través do programa 451B do orzamento propio do IGVS.

En 2020, o programa 451B do orzamento do IGVS estaba dotado cun crédito inicial de 33.242.800 euros, resultado da suma de 10.478.000 euros de fondos finalistas do Estado e 22.494.800 euros de fondos propios da comunidade autónoma.

Os fondos do plan de vivenda considéranse executados en fase D, cando as axudas xa foron concedidas, aínda que en parte ou en todo non estean pagadas, a falta das xustificacións



pertinentes por parte dos beneficiarios. A execución en fase D do programa 451B do orzamento do IGVS acadou en 2020 71,54% sobre o crédito inicial.

Esa execución podería ter sido moi superior se non fose pola imposibilidade de executar preto de 6 millóns de euros destinados á adquisición de solo para a ampliación de San Paio de Navia. Dita adquisición non puido realizarse como consecuencia do atraso na aprobación por parte do Concello do plan parcial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 13:31:02
Nº Rexistro: 31546
Data envío: 03/03/2022 13:31:02.611

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 13:31:00

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14602**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a xestión do Goberno municipal de Ourense en relación co sector cultural"**, (publicada no BOPG número 130 do 28 de abril de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 20310 e debatida no Pleno do Parlamento de Galicia do 22 de decembro de 2022; á que nos remitimos porque ofrece información sobre os investimentos da Xunta en materia cultural, tanto na cidade de Ourense como no conxunto de Galicia, que atenden ao contexto e ás necesidades do sector e dos cidadáns".

O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MGQ5ZTlkZTYtNTcyZC00NDdjLWEzMTQtYjY3NDA4ZjcxYWUz&start=139](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGQ5ZTlkZTYtNTcyZC00NDdjLWEzMTQtYjY3NDA4ZjcxYWUz&start=139)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2022 10:27:24
Nº Rexistro: 31366
Data envío: 01/03/2022 10:27:24.788

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2022 10:27:22

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 15922**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para a realización das obras de soterramento do vial de Beiramar en Vigo"**, (publicada no BOPG número 140 do 19 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 15923, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 2 do BOPG número 169, do 13 de xullo de 2021, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 31566
Data envío: 03/03/2022 14:10:11.206

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 14:10:07

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **16643**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as accións que o Goberno galego ten previsto acometer, en colaboración cos concellos de Gondomar e Baiona, para minimizar o risco e os efectos das inundacións nestes municipios”**, (publicada no BOPG número 147 do 2 de xuño de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia asinou o pasado 26 de maio cos Concellos de Gondomar e de Baiona os acordos para investir 3,25 millóns de euros na redución do risco de inundacións nestes dous municipios.

En novembro do pasado ano licitáronse as obras as obras para minimizar os riscos de inundacións no camiño das Monxas e no camiño Pouquena, no lugar de Sabarís, no concello de Baiona”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2022 12:50:17
Nº Rexistro: 31383
Data envío: 01/03/2022 12:50:17.608

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2022 12:50:15

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 17574**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto do remate da vía de alta capacidade Costa Norte"**, (publicada no BOPG número 162 do 29 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 17579, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 182, do 6 de agosto de 2021, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 31564
Data envío: 03/03/2022 14:09:51.300

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 14:09:40

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 16644**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as accións que o Goberno galego ten previsto acometer, en colaboración cos concellos de Gondomar e Baiona, para minimizar o risco e os efectos das inundacións nestes municipios”**, (publicada no BOPG número 147 do 2 de xuño de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia asinou o pasado 26 de maio cos Concellos de Gondomar e de Baiona os acordos para investir 3,25 millóns de euros na redución do risco de inundacións nestes dous municipios.

En novembro do pasado ano licitáronse as obras as obras para minimizar os riscos de inundacións no camiño das Monxas e no camiño Pouquena, no lugar de Sabarís, no concello de Baiona”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2022 10:27:12
Nº Rexistro: 31364
Data envío: 01/03/2022 10:27:12.069

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2022 10:27:09

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7488**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que está a tomar a Xunta de Galicia para establecer vías que permitan a remuda xeracional no sector pesqueiro”**, (publicada no BOPG número 75 do 13 de xaneiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A remuda xeracional é un dos principais retos aos que se enfronta o sector pesqueiro galego e Galicia está a dedicar todos os seus esforzos para logralo.

O traballo desenvolvido polo Executivo galego nos últimos anos, en moitos casos da man do sector, permitiu:

Que na última década saísen dos centros de formación dependentes da Consellería do Mar máis de 1.700 titulados profesionais en ensinanzas marítimo-pesqueiras e que a media de matriculados aumentase arredor dun 60% desde 2009.

Que a poboación ocupada na pesca extractiva aumentase un 3% entre 2015 e 2019 segundo a última enquisa Ocupesca da Consellería do Mar.

A consecución de acordos entre a Xunta e os armadores de Vigo, Celeiro e Burela para a posta en marcha da FP Dual no sector pesqueiro co obxectivo de incorporar xente nova ao mundo do mar.



Desenvolver accións desde o propio sector como o proxecto Relevo 2020, impulsado polos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro e financiado pola Consellería do Mar, o proxecto Batéate ou outras iniciativas impulsadas polo sector.

O Executivo galego segue a traballar para facer máis atractivo o sector pesqueiro para as novas xeracións coa defensa de medidas como os apoios á renovación da frota que permitan mellorar a habitabilidade e as condicións de traballo a bordo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2022 10:16:58
Nº Rexistro: 31325
Data envío: 28/02/2022 10:16:58.294

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2022 10:16:55

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7515**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"cal é o orzamento con que conta o ente público Portos de Galicia para levar a cabo os traballos técnicos para a dragaxe dentro das infraestruturas portuarias de Galicia "**, (publicada no BOPG número 75 do 13 de xaneiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O 4 de xullo de 2020 a Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, iniciou o expediente de licitación do servizo de redacción de estudos ambientais e proxectos de dragaxe para diversos peiraos autonómicos. Esta actuación conta cun orzamento base de licitación de 1,6 millóns de euros e contempla traballos técnicos para 30 peiraos de titularidade autonómica.

Dado que a gran maioría das actuacións para infraestruturas portuarias que afectan á lámina de auga precisan de tramitación ambiental, e ante a necesidade de acometer actuacións de dragaxe e recuperación de calado nun gran número de portos a curto e medio prazo, é preciso dinamizar os traballos técnicos previos cunha visión conxunta. Por este motivo, Portos de Galicia iniciou a contratación do servizo de redacción destes traballos.

Así detectáronse necesidades neste sentido en 10 portos da costa cantábrica, 15 na provincia da Coruña e sete da provincia de Pontevedra. Na zona norte, realizaranse estudos técnicos sen carácter exclusivo para portos como Burela, Cariño, Cedeira, Foz, O Barqueiro, A Pobra, Camariñas, Malpica, Pontedeume, Portosín, Rianxo, Testal, Meloxo, Corbaceiras-Pontevedra ou Tragove.



O prazo deste servizo será de dous anos e o expediente de licitación contempla a posibilidade de prórroga dun terceiro en función das necesidades do propio traballo de campo. As bases da licitación atópanse a disposición dos interesados na páxina web de Portos de Galicia así como na plataforma xeral de Contratos de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2022 10:16:51
Nº Rexistro: 31324
Data envío: 28/02/2022 10:16:51.279

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2022 10:16:48

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7516**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o importe que destina a Consellería do Mar para as axudas extraordinarias de transformación dentro do Plan AvanteMar”**, (publicada no BOPG número 75 do 13 de xaneiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Consello da Xunta de Galicia do 17 de junio de 2021 aprobaba o informe sobre as axudas implementadas pola Consellería do Mar para paliar os efectos da pandemia e particularmente as dirixidas a acuicultores e empresas de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura para compensar as perdas de produción entre o 1 de febreiro e o 31 de decembro de 2020 e que se convocan para 2021.

Así, as empresas de transformación e cultivo de produtos do mar de Galicia disporán dun total de 7,5 millóns de euros para compensar a caída de ingresos entre o 1 de febreiro e o 31 de decembro de 2020 como consecuencia do coronavirus. Con estes apoios, cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), a Xunta subvencionará ata o 50% das perdas de facturación rexistradas sempre e cando estas sexan de polo menos un 20% en relación cos ingresos medios para o mesmo período nos tres anos anteriores -2017, 2018 e 2019-.

No caso de empresas con menos de tres anos estas deberán ter actividade durante polo menos o ano natural 2019 completo e o cálculo realizarase tendo en conta os datos dos anos correspondentes.

A contía destinada ás compensacións das empresas de transformación é de 4 millóns de euros e o límite de axuda por beneficiario será de 400.000 euros. No caso das empresas de acuicultura o importe da convocatoria é de 3,5 millóns de euros e o límite de axuda por beneficiario de 200.000 euros.



Estes apoios forman parte do plan Avantemar deseñado pola Xunta para impulsar o sector marítimo-pesqueiro trala pandemia e que supón unha inxección de 77 millóns de euros en 2020 e arredor de 13 millóns neste ano no complexo mar-industria.

As convocatorias destas compensacións aos sectores da transformación e cultivo dos produtos do mar deriváronse no tempo co obxectivo de atender tanto os danos causados pola pandemia como os provocados pola saturación dos mercados. De aí que fose preciso agardar a coñecer con exactitude o impacto da crise nas contas do exercicio 2020.

Dentro do plan Avantemar tamén se xestionaron axudas a outros sectores profesionais como a frota activa e inactiva durante a covid-19, a frota de palangre de superficie, os profesionais do marisqueo que pararon temporalmente a súa actividade durante a pandemia, as organizacións de produtores, as confrarías e entidades xestoras de lonxas e as redeiras.

Os apoios extraordinarios para compensar as perdas de ingresos nas empresas de transformación e cultivo de produtos do mar no ano 2020 como consecuencia da pandemia súmanse ás achegas que a Consellería do Mar convoca anualmente para investimentos nestes dous sectores.

En virtude da orde do 9 de xullo de 2021 ampliouse o importe existente para a concesión destas axudas para a anualidade 2021, en 6,45 M€, polo que o importe final destinado á convocatoria foi de máis de 22,4 M€, do que foron concedidos 20,9 M€, que suporán unha mobilización total de máis de 30 M€”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2022 10:16:40





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7519**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o importe total que destina a Consellería do Mar para as axudas extraordinarias de compensación ás redeiras dentro do Plan Avantemar”**, (publicada no BOPG número 75 do 13 de xaneiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O DOG do 10 de xullo de 2020, publicaba a orde do 9 de xullo de 2020 pola que se establecían as bases reguladoras para a concesión de axudas aos armadores de buques pesqueiros con porto base en Galicia e ás persoas redeiras para compensar a perda de ingresos como consecuencia da pandemia de COVID-19, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020.

En Galicia o colectivo de redeiras viu como se reducían os seus ingresos durante a alerta sanitaria como consecuencia do freo da actividade pesqueira, polo que foi fundamental apoiar a súa reactivación.

Así, esta orde tivo por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión e a convocatoria para 2020, de axudas destinadas por un lado aos armadores de buques pesqueiros con porto base en Galicia, e por outro ás persoas redeiras, para compensar a diminución de ingresos debido ao estado de alarma decretado polo Goberno de España mediante o Real decreto 463/2020 e as súas sucesivas prórrogas.



O orzamento para o ano 2020 desta orde de axudas foi de 7.700.000 € e desta cantidade total, 7.300.000 € destínanse aos/ás armadores/as de buques pesqueiros e 400.000 € ás persoas redeiras.

A contía da axuda para as persoas redeiras foi:

A subvención consistiu nunha axuda directa con pagamento único por importe de 450 €.

Para determinar o dereito a percibir a subvención calculouse a media mensual dos ingresos obtidos pola persoa solicitante no ano 2019, así como a media dos ingresos obtidos no período comprendido entre o 14 de marzo de 2020 e o 15 de maio de 2020.

Entenderase que existen perdas económicas sempre que a media mensual dos ingresos obtidos no ano 2019 sexa superior á media de ingresos obtidos no período comprendido entre o 14 de marzo de 2020 e o 15 de maio de 2020.

Foron beneficiarias destas axudas todas aquelas persoas que realicen a actividade de redeira e estean afiliadas ao réxime especial de traballadores do mar por conta propia e integrada nunha asociación de redeiras na Comunidade Autónoma de Galicia que levasen a cabo a actividade de armado de redes no ano natural anterior á data de presentación da solicitude”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2022 10:16:33

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8065**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o grao de desenvolvemento actual da Estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes identificados nas estradas autonómicas”**, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 8066, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 28 de xaneiro de 2021, á que no remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas salientou, entre outras cuestións, que a Xunta de Galicia está a investir 15 millóns de euros na eliminación de treitos de concentración de accidentes nas estradas autonómicas e que a previsión é que neste ano estean practicamente rematadas todas as obras.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2021-01-28?part=dcaa8cd9-20cf-476b-819d-23a841440080&start=4864>



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2021-01-28?part=dcaa8cd9-20cf-476b-819d-23a841440080&start=5498>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 13:31:27
Nº Rexistro: 31549
Data envío: 03/03/2022 13:31:27.813

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 13:31:24

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25706**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Rivera Francisco, sobre **“a execución total dos fondos covid recibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia para axudar as pequenas e medianas empresas e persoas traballadoras autónomas durante os exercicios 2020 e 2021”**, (publicada no BOPG número 240 do 13 de decembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 26 de xaneiro, a conselleira de Emprego e Igualdade daba resposta á pregunta urxente, número de rexistro 28033, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a avaliación da Consellería de Emprego e Igualdade dos catro plans de rescate postos en marcha para mitigar os efectos da covid-19 no tecido produtivo de Galicia. E o 9 de febreiro, facía o correspondente coa interpelación, número de rexistro 28362, sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia no Pleno.

A conselleira de Emprego e Igualdade, reiterou que é preciso que se quede en Galicia o 30% dos fondos dos 3º e 4º plans de rescate que quedou sen executar polas restricións que o Estado impuxo ao tecido empresarial galego para acceder ás axudas. Así, incidiu en que estes fondos teñen que chegar ás pemes e aos autónomos.

Recordou que pese aos esforzos feitos para simplificar o procedemento, dentro da escasa marxe de manobra que deixou o Estado, non puideron executarse preto de 70 millóns dos 234,4 millóns de euros transferidos.



Pola contra, o tecido empresarial galego contou co apoio da Xunta, que se adiantou ao Estado, e nos meses de novembro de 2020 e febreiro de 2021, da man dos colectivos e sectores máis afectados pola covid-19, articulou dous plans de rescate por valor de 182 millóns de euros, logrando atender máis de 80.000 solicitudes.

Remitimos a ligazón á resposta da pregunta urxente número de rexistro 28033:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NmQ3MGZiMGQtMWZmZi00ZWQ0LWJjNDQtMWY5MjViMjJhYWMx&start=14199](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NmQ3MGZiMGQtMWZmZi00ZWQ0LWJjNDQtMWY5MjViMjJhYWMx&start=14199)

Remitimos a ligazón á resposta da interpelación número de rexistro 28362:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NjA4MDU4NTktZGFmOS00NTU5LTk1MzMtMWMYzWNmMGQxZGNh&start=8252](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjA4MDU4NTktZGFmOS00NTU5LTk1MzMtMWMYzWNmMGQxZGNh&start=8252)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:44:13
Nº Rexistro: 31474
Data envío: 03/03/2022 10:44:13.483

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:44:09

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 25877**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para que os concellos de menos de 50.000 e de 20.000 habitantes se poidan beneficiar dos fondos europeos que financian plans e actuacións de mobilidade sostible”**, (publicada no BOPG número 244 do 20 de decembro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a pesar dos criterios do Goberno de España na asignación dos fondos europeos Next Generation e dos condicionantes que establece para a súa execución, que supón deixar fóra deste financiamento á maior parte do territorio galego, aproveitará ao máximo estes fondos para avanzar nunha auténtica transformación da mobilidade sostible e das infraestruturas do transporte público. Galicia disporá de 51 millóns de euros procedentes destes fondos europeos que, seguindo as directrices marcadas polo Goberno central, dedicará a realizar actuacións en áreas metropolitanas de concellos de máis de 50.000 habitantes. A prioridade será avanzar nas estacións intermodais, na dotación de aparcamentos disuasorios en zonas próximas ás entradas ás cidades, na execución de sendas peonís e ciclistas na contorna das principais vías de entrada ás cidades e na mellora das paradas de autobuses nas estradas autonómicas para facer máis competitivo o transporte público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:43:39
Nº Rexistro: 31470
Data envío: 03/03/2022 10:43:39.296

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:43:36

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25926**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e don Xosé Luis Bará Torres, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación co arranxo completo da estrada autonómica LU 636"**, (publicada no BOPG número 244 do 20 de decembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A estrada LU-636, Sarria (LU-546) – Becerreá (N-VI), ten unha lonxitude de 31,47 quilómetros e une as poboacións de Sarria e Becerreá, contando con dous treitos moi diferenciados, Sarria-Saa e Saa-Becerreá.

O tramo de Saa ata Becerreá, onde está situado o Alto de Vilaesteba, ten un trazado coas características propias dunha estrada de montaña, ademais de verse afectada nos meses de inverno polos problemas derivados da neve, xeo, néboas..., aos que se lles fai fronte cada ano coa aplicación do Plan de Vialidade Invernal.

Na LU-636, entre os puntos quilométricos 16+000 e 31+470, contabilizáronse, entre os anos 2016 e 2020, dous feridos leves, concretamente no 2019.

No ano 2020 aforouse a LU-636 no punto quilométrico 27+560, obténdose 467 vehículos diarios.

O tráfico, especialmente as mercadorías, que desde Sarria teñen orixe e destino a A-6 para ir á Meseta, a día de hoxe optan por ir ata Nabela para coller a A-6, dado que a LU-636 é impracticable para elas.



A Axencia Galega de Infraestruturas está realizando un estudio previo para o acondicionamento da LU-636 e variante de Becerreá, no que se analiza o tipo de acondicionamento da estrada dende unha perspectiva da eficiencia na inversión, dada a orografía do tramo que vai dende o punto quilométrico 16+000 ao 27+500.

O obxecto do contrato é a elaboración dun estudo previo de acondicionamento da estrada LU-636 entre os puntos quilométricos 16+000 (Saa) e 27+500 (Herbón), de modo que se avalíe a ampliación da plataforma, a rectificación de curvas e a disposición dalgún treito de terceiro carril, propoñendo varias solucións técnicas e valorándose economicamente.

No treito final da estrada, haberá que estudar a viabilidade técnica e económica dunha variante da estrada (variante de Becerreá) que, partindo do punto quilométrico 27+500 da LU-636 en Herbón, conecte directamente dende a intersección da LU-722 coa N-VI e dese modo coa A-6 a través da LU-722.

O contrato foi adxudicado en abril de 2021 e está previsto que o estudo finalice antes do remate do primeiro trimestre de 2022”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2022 12:59:03
Nº Rexistro: 31284
Data envío: 25/02/2022 12:59:03.066

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2022 12:58:56

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 26438**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“as liñas de transporte público do alumnado dalgunhas parroquias dos concello de Outes e Muros”**, (publicada no BOPG número 251 do 4 de xaneiro de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Tarxeta Xente Nova permite viaxar gratis aos menores de 21 anos por toda Galicia nos autobuses interurbanos da Xunta, co conseguente aforro que iso supón para eles e as súas familias. Neste momento preto de 110.000 mozos, tamén dos municipios de Outes e Muros, dispoñen desta tarxeta e beneficianse das vantaxes que o seu uso supón. O Goberno galego valora todas as peticións e suxestións que recibe relacionadas coas liñas de transporte por estrada da súa competencia, xa sexa de concellos, colectivos ou particulares, e, de feito, en moitos casos concréntanse nun reforzo de liña, na variación de traxectos ou na modificación de horarios. No caso concreto ao que se refire a pregunta, a liña Noia-Muros, tras ponderar a variación de horarios proposta, concluíuse, e así lle foi trasladado aos afectados no seu día, que, dado que se trata dun servizo de longo percorrido, o impacto da modificación solicitada era elevado e os beneficios, limitados, posto que non se lograba establecer un servizo óptimo para os alumnos afectados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:43:25
Nº Rexistro: 31468
Data envío: 03/03/2022 10:43:25.484

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:43:20

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17909**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as consideracións do Goberno galego respecto do escaso número de persoal dispoñible para traballar de socorrista nos areais e espazos acuáticos públicos de Galicia”**, (publicada no BOPG número 169 do 14 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e a que, precisamente, permite a contratación de socorristas nos concellos de Galicia. Esta foi publicada o 20 de abril no Diario Oficial de Galicia número 73 e o día 7 de xuño se avaliaba. Ademais, nesta orde estaba previsto a posibilidade de contratación anticipada de persoas traballadoras para garantir a seguridade en todos os areais e espazos acuáticos públicos da nosa comunidade autónoma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2022 10:16:22
Nº Rexistro: 31320
Data envío: 28/02/2022 10:16:22.732

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2022 10:16:19

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 18197**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da promoción do solo para actividades produtivas no concello de Vigo”**, (publicada no BOPG número 173 do 26 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia xa está a colaborar no desenvolvemento de solo empresarial no concello de Vigo a través da modificación do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais. Esta modificación inclúe, a solicitude do Concello, a ampliación do parque empresarial de Balaídos, que ten asignado como promotor á Zona Franca. A Xunta de Galicia tamén colaborou en facilitar a ampliación do Parque Tecnolóxico, tamén asignado á Zona Franca. A colaboración da Xunta a través das modificacións do plan sectorial cobre as carencias nesta materia do PXOM de Vigo. Sen esas modificacións non se podería desenvolver novo solo en Vigo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 13:30:27
Nº Rexistro: 31541
Data envío: 03/03/2022 13:30:27.315

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 13:30:24

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18297**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para a redacción do proxecto de construción da senda peonil e ciclista na PO-313, en Moaña"**, (publicada no BOPG número 173 do 26 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a traballar para mellorar a rede viaria de titularidade autonómica no Morrazo, tras a finalización da conversión en autovía do corredor, na que se investiron 55 millóns de euros.

Deste xeito, estase a desenvolver o Plan de Sendas da Comarca do Morrazo, co que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está a habilitar en estradas autonómicas 8 itinerarios peonís seguros, sostibles e integrados na paisaxe. Neste momento están rematadas as obras dos treitos Vilaseca-Lapamán da PO-551, e Coirados-Pardavila na PO-313, en Marín.

Así mesmo, están adxudicadas as obras das sendas entre Trasouto e o Alto da Portela na PO-551 en Bueu, e entre Baguín e Seixo tamén na PO-551 en Marín. Respecto a Moaña, no mes de marzo aprobáronse as expropiacións da senda mixta peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, na PO-551, en Domaio. Salientar que neste caso, tras someter o proxecto a información pública e como resultado das suxestións recibidas, a Xunta aumentou en 300 metros o treito de actuación, de modo que se conectase coa beirarrúa existente no lado de Meira. O proxecto construtivo, con esta mellora, implica un investimento próximo aos 1,7 M€, substancialmente maior da previsión inicial. Este incremento de custo, ademais de pola extensión da lonxitude da senda a construír, débese á necesidade de ampliar a plataforma da estrada cunha estrutura en voladizo para poder ubicar a senda, debido ás condicións topográficas da estrada.



O investimento neste conxunto de sendas acada os 5,2 millóns de euros.

A maiores, tamén estanse a promover as actuacións necesarias para eliminar os treitos de concentración de accidentes na rede autonómica de estradas no Morrazo. A data de hoxe están en execución a mellora da seguridade viaria na PO-551 en Bueu e Marín, e tamén a da mesma estrada en Domaio (Moaña), e estase a traballar noutros proxectos tanto en Cangas como en Moaña, cun investimento conxunto de 3,3 millóns de euros.

En concreto, as actuacións previstas na PO-551 no Concello de Moaña son a mellora da seguridade viaria no entorno do tramo de concentración de accidentes na estrada PO-551, entre os puntos quilométricos 21+100 e 23+000, cuxas expropiacións foron aprobadas recentemente polo Consello da Xunta de Galicia, e entre os puntos quilométricos 29+000 e 32+700. As obras nesta última, que están en execución, inclúe, fundamentalmente, a mellora de interseccións, como a da área recreativa da Cerradiña ou a do porto de Domaio, na que se executará una glorieta, así coma o acondicionamento dos pasos de peóns xa existentes e a construción de dous novos.

En consecuencia, a Xunta de Galicia está a traballar para a mellora da rede viaria autonómica no Morrazo, con actuacións que implican un investimento de 8,5 millóns de euros para a seguridade dos seus usuarios e que inclúe os treitos priorizados da PO-313. Esta programación de actuacións responde en ambos casos a criterios obxectivos, como son o cálculo coa metodoloxía establecida dos treitos de concentración de accidentes, e a estratexia para a sendas na comarca do Morrazo que se pode consultar na páxina web da Axencia Galega de Infraestruturas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 13:29:59
Nº Rexistro: 31538
Data envío: 03/03/2022 13:29:59.362

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 13:29:56

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18373**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **“os plans de recuperación de especies en perigo de extinción e o prazo establecido na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, para a súa adopción”**, (publicada no BOPG número 174 do 27 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“As especies silvestres, particularmente as ameazadas, son obxecto dun seguimento específico para avaliación periódica do seu estado de conservación. Entre os traballos, inclúese a obtención de información sobre a evolución da área de distribución e o estado de conservación das súas poboacións.

Nos últimos anos, realizouse un seguimento específico das especies incluídas no catálogo galego de especies ameazadas, como: aguiá real, mazarico real, aves mariñas reprodutoras, fentos de valgada, odonatos, etc., así como doutras que non se atopan no Catálogo, como o corvo mariño grande.

Asemade, todos os instrumentos de xestión de espazos naturais protexidos inclúen medidas específicas de xestión e conservación de especies de flora e fauna silvestre”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2022 10:15:51
Nº Rexistro: 31317
Data envío: 28/02/2022 10:15:51.780

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2022 10:15:44

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18393**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"a valoración por parte da Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, coñecido como Plan RehaVita"**, (publicada no BOPG número 174 do 27 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"O Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade en Comisión 2ª o pasado 3 de marzo de 2021 a proposición non de lei 9969 na que se establece que "O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a presentar ao Parlamento de Galicia, ao remate de 2021, un informe sobre a avaliación do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda, coñecido como Plan Rehavita..."

Os datos a que fai referencia a pregunta estarán contidos en dito informe, que se atopa en elaboración e será presentado ao Parlamento no prazo aprobado".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2022 10:15:39
Nº Rexistro: 31316
Data envío: 28/02/2022 10:15:39.280

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2022 10:15:36

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18604**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego e as demandas que vai realizar ao Goberno central en relación co déficit de maquinistas existente nos servizos ferroviarios de Galicia, e en particular de Ourense, así como as necesidades que hai en materia ferroviaria”**, (publicada no BOPG número 183 do 9 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Xunta de Galicia considérase irrenunciábel contar cun servizo ferroviario de calidade e adaptado ás necesidades e demandas dos usuarios. Coa fin de acadar este obxectivo, o Goberno galego vén demandando de xeito reiterado ante o Goberno español, que é quen ten competencias en materia ferroviaria, o mantemento e mellora dos servizos que se prestan na comunidade autónoma.

A Xunta mantén unha constante atención sobre o funcionamento dos servizos ferroviarios e vén demandando, tanto ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, como a ADIF e a Renfe, a necesidade de mellorar as infraestruturas ferroviarias, o material rodante, e o mantemento do persoal para garantir e mellorar os servizos de transporte en tren en Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2022 12:59:27
Nº Rexistro: 31287
Data envío: 25/02/2022 12:59:27.066

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2022 12:59:22

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19486**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a conservación do patrimonio histórico-arquitectónico de Galicia"**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Axencia Galega de Infraestruturas realiza inspeccións periódicas co fin de coñecer o estado das obras de paso e estruturas que están integradas na rede de estradas de titularidade autonómica. A Ponte Sampaio, situada na estrada PO-264, está incluída nas devanditas inspeccións. Por outra banda, dende o punto de vista da funcionalidade da ponte indicar que a Axencia Galega de Infraestruturas, a través dos seus medios de conservación, realiza habitualmente os traballos necesarios para mantela en servizo.

Non obstante, para poñer en valor a ponte como ben histórico, contratouse por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a redacción dun proxecto con ese obxectivo, no que se incluírá tamén a contorna máis inmediata da ponte, para un tratamento da urbanización máis axeitado, e para mellorar a accesibilidade e a seguridade".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2022 10:27:04
Nº Rexistro: 31363
Data envío: 01/03/2022 10:27:04.788

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2022 10:27:02

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19511**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento da directiva europea de protección das aves"**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"A resolución do 26 de abril de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2021/22 prohibe a caza da rula común (*Streptopelia turtur*).

Os tribunais da Unión Europea non teñen imposto sancións económicas á Xunta de Galicia polo incumprimento da Directiva de Aves".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2022 10:15:19
Nº Rexistro: 31314
Data envío: 28/02/2022 10:15:19.233

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2022 10:15:16

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19646**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto do establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal"**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta agarda que a decisión do Goberno de España de atrasar a marzo a aprobación no Consello de Ministros do proxecto de Lei de Mobilidade signifique que o Executivo decidiu dar marcha atrás na súa intención de implantar un sistema de pago por uso das autovías sen ningún tipo de debate ou diálogo previo. O informe da Comisión Galega da Competencia ratifica o que vén alertando a Xunta: que o pago por uso das autovías repercutiría negativamente á economía galega pola situación xeográfica da Comunidade. O Goberno galego vén incidindo en que Galicia non pode aceptar ningún sistema que contribúa a agravar a situación periférica da Comunidade xa que isto suporía ter que afrontar un gasto por mover as mercadorías moi superior ao dos territorios máis próximos aos centros de consumo e demanda".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:44:55
Nº Rexistro: 31480
Data envío: 03/03/2022 10:44:55.498

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:44:53

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19800**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para mellorar a calidade das augas da ría de Muros e Noia e dos concellos que forman parte da bacía do Tambre”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O saneamento e a depuración son competencias municipais, segundo se establece na normativa básica en materia de réxime local. Así, de conformidade coa normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e coa normativa sectorial en materia de augas, a lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, os concellos teñen a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais.

Esta normativa reserva tamén á competencia municipal o tratamento das augas residuais e a prestación do servizo de rede de saneamento, incluíndo o control dos vertidos a esas redes no marco da normativa de aplicación.

Pese a elo, a Xunta vén realizando nos últimos anos importantes investimentos en actuacións en materia de abastecemento, saneamento e depuración na ría de Muros e Noia, apoiando aos concellos para unha mellor prestación dos servizos da auga, da súa competencia



Así, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, investiu en Muros, entre outras actuacións, máis de 14 millóns de euros nos colectores xerais e na estación depuradora de augas residuais; 2,8 millóns de euros nos colectores xerais de Esteiro e Tal; 224.000 euros na mellora das infraestruturas hidráulicas na rúa dos Fornos e rúa dos Cuncheiros, na parroquia de Louro. Tamén se executou o colector aliviadoiro de bombeo e acondicionouse o firme no núcleo de Esteiro por importe de preto de 60.000 euros e realizouse un novo investimento de 6,7 millóns de euros nos colectores e EDAR de Esteiro, que tamén está a ser xestionada por Augas de Galicia.

En Noia, Augas de Galicia investiu case 4,5 millóns de euros na rede de colectores xerais, na remodelación de equipos electromecánicos e en melloras na EDAR.

En Porto do Son realizáronse obras por importe de case 14 millóns de euros nos colectores xerais e na EDAR; nos colectores xerais e na Edar de Baroña e en varias actuacións de saneamento en Lousame. Ademais, está licitada unha nova EDAR en Queiruga.

O plan director de saneamento de Noia está xa redactado, revisado, finalizado e entregado.

En definitiva, nos últimos anos a Xunta ten investido moito nestes concellos, consciente de que é preciso dotalos das infraestruturas necesarias para a prestación dos servizos de abastecemento e depuración de auga, pero resulta igual de importante que estas infraestruturas estean ben xestionadas para ofrecer aos cidadáns servizos de calidade. Para acadar ese obxectivo é necesario que os concellos asuman con responsabilidade a xestión das súas infraestruturas

No que respecta ás verteduras, Augas de Galicia dispón do Plan de Control de Vertidos que ten como obxectivo principal asegurar a boa calidade das augas.

Todos os esforzos desenvoltos a este respecto céntranse na subsanación dos puntos que presentan contaminación, para o cal lévanse a cabo inspeccións cunha frecuencia mínima anual a todos os concellos pertencentes a dita ría en compañía de técnicos municipais co fin de revisar os puntos de vertido existentes de competencia municipal, requirindo posteriormente a subsanación dos puntos problemáticos e facendo un seguimento da súa subsanación; inspección anual tamén de todos os puntos problemáticos para avaliar a súa



evolución; campañas de inspección na tempada de baño para realizar un seguimento específico de todas as praias nas que a Consellería de Sanidade detecta incumprimentos de calidade das súas augas; realización de analíticas físico-químicas para caracterizar todos os puntos de vertido e avaliar o seu grao de contaminación; e planificación das medidas administrativas necesarias para optimizar a subsanación dos puntos de vertido contaminantes.

Como medida adicional para controlar os vertidos que se realizan nesta ría, tense establecido un protocolo de actuacións coa Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) que garante a correcta atención e resposta ás alertas en materia de vertidos que recibe o servizo de atención de emerxencias 112. Deste xeito, o persoal inspector está dispoñible 24 horas, 365 días ao ano para desprazarse ás zonas nas que se detectan alertas e establecer as medidas "in situ" que sexan necesarias para controlar os vertidos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:44:48
Nº Rexistro: 31479
Data envío: 03/03/2022 10:44:48.467

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:44:45

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19802**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o procedemento seguido polo Goberno galego para investigar a praxe de Alu Ibérica da Coruña en materia laboral”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia levou a cabo dous tipos de actuacións laborais en relación a esta empresa ao longo do ano 2021:

- Resolucións ditadas como autoridade laboral. A Inspección de Traballo iniciou seis expedientes sancionadores contra a empresa. Todos estes expedientes confirmáronse pola autoridade laboral, e en concreto, catro deles xa son firmes.

- Mediación entre a empresa e o comité de empresa, nos meses de xaneiro e febreiro. Entre os asuntos tratados atopábase o despedimento dunha traballadora, rematando dita mediación sen acordo entre as partes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2022 10:15:02
Nº Rexistro: 31311
Data envío: 28/02/2022 10:15:02.999

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2022 10:14:59

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 21591**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a implantación de sistemas de aviso eficientes para evitar accidentes de vehículos pesados na ponte ferroviaria de San Caetano na parroquia de Alba no concello de Pontevedra"**, (publicada no BOPG número 202 do 22 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 21592, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 15 de decembro de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas salientou, entre outras cuestións, que a Xunta é a administración que máis inviste en seguridade viaria no concello de Pontevedra, mobilizando máis de 6 millóns de euros na execución de sendas peonís. Referiuse, en concreto, á senda executada en Alba, na estrada PO-225, cun investimento autonómico de 700.000 euros, cuxo itinerario permitiu gañar espazo para as persoas, favorecendo a mobilidade dos condutores que van cara ás naves industriais da zona e os desprazamentos máis seguros para os veciños e peregrinos que transitan por este treito coincidente co Camiño Portugués.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestrutura pode verse nos seguintes enlaces:



[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZjRmZTdjNDQtMDJmMi00MjQ3LTlkYTctZjFkNDkxYjlhNWVj&start=790](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjRmZTdjNDQtMDJmMi00MjQ3LTlkYTctZjFkNDkxYjlhNWVj&start=790)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZjRmZTdjNDQtMDJmMi00MjQ3LTlkYTctZjFkNDkxYjlhNWVj&start=1698](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjRmZTdjNDQtMDJmMi00MjQ3LTlkYTctZjFkNDkxYjlhNWVj&start=1698) ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:44:41
Nº Rexistro: 31478
Data envío: 03/03/2022 10:44:41.654

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:44:38

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 22029**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actuación do Goberno galego tras a detección da vertedura de xurros no río Tambre o pasado 9 de setembro”**, (publicada no BOPG número 202 do 22 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Dende que houbo constancia da magnitude do vertido ao río Tambre, o Plan de Control de Vertidos de Augas de Galicia procedeu a avisar aos organismos que podían estar afectados polo vertido como a empresa concesionaria da explotación da ETAP do Tambre, que abastece ao municipio de Santiago de Compostela, e ao Servizo Galego de Emerxencias 112 para que alerte a todos os concellos que captan auga do río Tambre augas abaixo do concello de Trazo.

Froito das dilixencias de inspección realizadas, o pasado 20 de setembro a Xunta de Galicia incoa expediente sancionador contra SAT CASA FERNANDO por vertido non autorizado á canle pública no que se fai referencia expresa á reparación de danos nos termos do art. 90 da Lei 9/2010, de Augas de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 13:29:42





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 23873**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e don Luis Bará Torres, sobre **"a construción dunha escada de peixes no río Deza"**, (publicada no BOPG número 218 do 28 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 23872, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 2 do BOPG número 272, do 7 de febreiro de 2022, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:44:34
Nº Rexistro: 31477
Data envío: 03/03/2022 10:44:34.373

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:44:31

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25666**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para a execución das obras de mellora da seguridade viaria no punto quilométrico 4.200 da da OU-540”**, (publicada no BOPG número 239 do 10 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 25665, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 284, do 28 de febreiro de 2022, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:44:20
Nº Rexistro: 31475
Data envío: 03/03/2022 10:44:20.780

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:44:17

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25705**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Rivera Francisco, sobre **“a execución total dos fondos covid recibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia para axudar as pequenas e medianas empresas e persoas traballadoras autónomas durante os exercicios 2020 e 2021”**, (publicada no BOPG número 239 do 10 de decembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 26 de xaneiro, a conselleira de Emprego e Igualdade daba resposta á pregunta urxente, número de rexistro 28033, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a avaliación da Consellería de Emprego e Igualdade dos catro plans de rescate postos en marcha para mitigar os efectos da covid-19 no tecido produtivo de Galicia. E o 9 de febreiro, facía o correspondente coa interpelación, número de rexistro 28362, sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia no Pleno.

A conselleira de Emprego e Igualdade, reiterou que é preciso que se quede en Galicia o 30% dos fondos dos 3º e 4º plans de rescate que quedou sen executar polas restricións que o Estado impuxo ao tecido empresarial galego para acceder ás axudas. Así, incidiu en que estes fondos teñen que chegar ás pemes e aos autónomos.

Recordou que pese aos esforzos feitos para simplificar o procedemento, dentro da escasa marxe de manobra que deixou o Estado, non puideron executarse preto de 70 millóns dos 234,4 millóns de euros transferidos.



Pola contra, o tecido empresarial galego contou co apoio da Xunta, que se adiantou ao Estado, e nos meses de novembro de 2020 e febreiro de 2021, da man dos colectivos e sectores máis afectados pola covid-19, articulou dous plans de rescate por valor de 182 millóns de euros, logrando atender máis de 80.000 solicitudes.

Remitimos a ligazón á resposta da pregunta urxente número de rexistro 28033:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NmQ3MGZiMGQtMWZmZi00ZWQ0LWJjNDQtMWY5MjViMjJhYWMx&start=14199](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NmQ3MGZiMGQtMWZmZi00ZWQ0LWJjNDQtMWY5MjViMjJhYWMx&start=14199)

Remitimos a ligazón á resposta da interpelación número de rexistro 28362:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NjA4MDU4NTktZGFmOS00NTU5LTk1MzMtMWMYzWNmMGQxZGNh&start=8252](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjA4MDU4NTktZGFmOS00NTU5LTk1MzMtMWMYzWNmMGQxZGNh&start=8252)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2022 12:59:18
Nº Rexistro: 31286
Data envío: 25/02/2022 12:59:18.316

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2022 12:59:15

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25843**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a baixa execución dos proxectos do programa operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional 2014-2020 no referente a obras de saneamento e depuración"**, (publicada no BOPG número 239 do 10 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 25841, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 2 do BOPG número 272, do 7 de febreiro de 2022, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:43:57
Nº Rexistro: 31472
Data envío: 03/03/2022 10:43:57.014

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:43:51

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25879**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para que os concellos de menos de 50.000 e de 20.000 habitantes se poidan beneficiar dos fondos europeos que financian plans e actuacións de mobilidade sostíbel”**, (publicada no BOPG número 239 do 10 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a pesar dos criterios do Goberno de España na asignación dos fondos europeos Next Generation e dos condicionantes que establece para a súa execución, que supón deixar fóra deste financiamento á maior parte do territorio galego, aproveitará ao máximo estes fondos para avanzar nunha auténtica transformación da mobilidade sostible e das infraestruturas do transporte público. Galicia disporá de 51 millóns de euros procedentes destes fondos europeos que, seguindo as directrices marcadas polo Goberno central, dedicará a realizar actuacións en áreas metropolitanas de concellos de máis de 50.000 habitantes. A prioridade será avanzar nas estacións intermodais, na dotación de aparcamentos disuasorios en zonas próximas ás entradas ás cidades, na execución de sendas



peonís e ciclistas na contorna das principais vías de entrada ás cidades e na mellora das paradas de autobuses nas estradas autonómicas para facer máis competitivo o transporte público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:43:32
Nº Rexistro: 31469
Data envío: 03/03/2022 10:43:32.484

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:43:29

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25927**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e don Xosé Luis Bará Torres, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia en relación co arranxo completo da estrada autonómica LU 636”**, (publicada no BOPG número 243 do 17 de decembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A estrada LU-636, Sarria (LU-546) – Becerreá (N-VI), ten unha lonxitude de 31,47 quilómetros e une as poboacións de Sarria e Becerreá, contando con dous treitos moi diferenciados, Sarria-Saa e Saa-Becerreá.

O tramo de Saa ata Becerreá, onde está situado o Alto de Vilaesteba, ten un trazado coas características propias dunha estrada de montaña, ademais de verse afectada nos meses de inverno polos problemas derivados da neve, xeo, néboas..., aos que se lles fai fronte cada ano coa aplicación do Plan de Vialidade Invernal.

Na LU-636, entre os puntos quilométricos 16+000 e 31+470, contabilizáronse, entre os anos 2016 e 2020, dous feridos leves, concretamente no 2019.

No ano 2020 aforouse a LU-636 no punto quilométrico 27+560, obténdose 467 vehículos diarios.

O tráfico, especialmente as mercadorías, que desde Sarria teñen orixe e destino a A-6 para ir á Meseta, a día de hoxe optan por ir ata Nadela para coller a A-6, dado que a LU-636 é impracticable para elas.





A Axencia Galega de Infraestruturas está realizando un estudio previo para o acondicionamento da LU-636 e variante de Becerreá, no que se analiza o tipo de acondicionamento da estrada dende unha perspectiva da eficiencia na inversión, dada a orografía do tramo que vai dende o punto quilométrico 16+000 ao 27+500.

O obxecto do contrato é a elaboración dun estudo previo de acondicionamento da estrada LU-636 entre os puntos quilométricos 16+000 (Saa) e 27+500 (Herbón), de modo que se avalíe a ampliación da plataforma, a rectificación de curvas e a disposición dalgún treito de terceiro carril, propoñendo varias solucións técnicas e valorándose economicamente.

No treito final da estrada, haberá que estudar a viabilidade técnica e económica dunha variante da estrada (variante de Becerreá) que, partindo do punto quilométrico 27+500 da LU-636 en Herbón, conecte directamente dende a intersección da LU-722 coa N-VI e dese modo coa A-6 a través da LU-722.

O contrato foi adjudicado en abril de 2021 e está previsto que o estudo finalice antes do remate do primeiro trimestre de 2022”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2022 12:58:52
Nº Rexistro: 31283
Data envío: 25/02/2022 12:58:52.535

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2022 12:58:49

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17908**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para solventar as dificultades para dispor de socorristas nas instalacións municipais acuáticas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 169 do 14 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e a que, precisamente, permite a contratación de socorristas nos concellos de Galicia. Esta foi publicada o 20 de abril no Diario Oficial de Galicia número 73 e o día 7 de xuño se avaliaba. Ademais, nesta orde estaba previsto a posibilidade de contratación anticipada de persoas traballadoras para garantir a seguridade en todos os areas e espazos acuáticos públicos da nosa comunidade autónoma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2022 12:50:11
Nº Rexistro: 31382
Data envío: 01/03/2022 12:50:11.452

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2022 12:50:08

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18093**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado no que se atopa o plan xeral de ordenación municipal do concello de Noia”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre destacar que o Concello de Noia, ao igual que todos os municipios de Galicia, conta coa plena dispoñibilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para calquera cuestión relativa á ordenación urbanística.

Por esta razón, a Xunta colabora co Concello de Noia para que o novo PXOM sexa unha realidade o antes posible e conte con todas as garantías xurídicas necesarias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2022 10:16:15
Nº Rexistro: 31319
Data envío: 28/02/2022 10:16:15.529

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2022 10:16:07

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18160**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **“os plans de recuperación e conservación de especies en perigo de extinción e situación de vulnerabilidade”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“As especies silvestres, particularmente as ameazadas, son obxecto dun seguimento específico para avaliación periódica do seu estado de conservación. Entre os traballos, inclúese a obtención de información sobre a evolución da área de distribución e o estado de conservación das súas poboacións.

Nos últimos anos, realizouse un seguimento específico das especies incluídas no catálogo galego de especies ameazadas, como: aguia real, mazarico real, aves mariñas reprodutoras, fentos de valgada, odonatos, etc., así como doutras que non se atopan no Catálogo, como o corvo mariño grande.

Asemade, todos os instrumentos de xestión de espazos naturais protexidos inclúen medidas específicas de xestión e conservación de especies de flora e fauna silvestre”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2022 10:15:55

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18198**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da promoción do solo para actividades produtivas no concello de Vigo”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia xa está a colaborar no desenvolvemento de solo empresarial no concello de Vigo a través da modificación do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais. Esta modificación inclúe, a solicitude do Concello, a ampliación do parque empresarial de Balaídos, que ten asignado como promotor á Zona Franca.

A Xunta de Galicia tamén colaborou en facilitar a ampliación do Parque Tecnolóxico, tamén asignado á Zona Franca.

A colaboración da Xunta a través das modificacións do plan sectorial cobre as carencias nesta materia do PXOM de Vigo. Sen esas modificacións non se podería desenvolver novo solo en Vigo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2022 12:59:45
Nº Rexistro: 31289
Data envío: 25/02/2022 12:59:45.065

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2022 12:59:41

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18286**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a presentación dos estudos precisos para a liberalización das peaxes da autoestrada de competencia autonómica AG-57, Puxeiros-Val Miñor, e a súa rebaixa para a totalidade das persoas usuarias”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia leva bonificando as peaxes das súas autoestradas desde 2010.

Así, desde 2010, aplica bonificacións para usuarios frecuentes, tanto no caso de que realicen a viaxe de ida e volta no mesmo día, como que o fagan en horario nocturno e aplícase a todos os vehículos que empreguen a telepeaxe: desconto do 25% do importe da viaxe de volta realizado no mesmo día que a ida; desconto do 50% da segunda viaxe de volta e posteriores sempre que estes se fagan tamén no mesmo día, que o pasado ano se ampliou aos usuarios recorrentes ata as 24 horas posteriores á realización da viaxe de ida.

Dende o 1 de outubro de 2019 aplícase a rebaixa do 50% nas peaxes en horario nocturno, entre as 12 da noite e as 6 da mañá.

Desde o pasado verán aplícanse tamén descontos ás familias numerosas, o 100% da súa viaxe de volta.



Ademais, en 2021 conxeláronse as peaxes e neste 2022, a Xunta limitou a suba das tarifas a menos da metade do que lle correspondería polo incremento do IPC. Para poder facelo, o Goberno galego tivo a previsión de reservar 550.000 euros do orzamento para este ano para poder así mitigarlle aos cidadáns o impacto desta suba.

Polo tanto, as autoestradas dependentes da Xunta de Galicia, tanto a AG-57 á que se refire a iniciativa como a AG-55, seguen a ser das máis baratas de España, máis baratas incluso que a AP-9 tras a aplicación das bonificacións comprometidas polo Goberno central en outubro de 2020 e materializadas en xullo de 2021”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2022 12:59:37
Nº Rexistro: 31288
Data envío: 25/02/2022 12:59:37.331

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2022 12:59:31

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18296**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para a realización das obras de soterramento da avenida de Beiramar en Vigo”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O túnel de Beiramar é unha actuación que precisa do acordo do Porto e do Concello de Vigo para saír adiante de forma satisfactoria para todos. O Concello de Vigo debe procurar esa situación de consenso como punto de partida para abordar o acordo institucional que permita o impulso do túnel de Beiramar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 13:30:10
Nº Rexistro: 31539
Data envío: 03/03/2022 13:30:10.362

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 13:30:07

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18298**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para a redacción do proxecto de construción da senda peonil e ciclista na PO-313, en Moaña"**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a traballar para mellorar a rede viaria de titularidade autonómica no Morrazo, tras a finalización da conversión en autovía do corredor, na que se investiron 55 millóns de euros.

Deste xeito, estase a desenvolver o Plan de Sendas da Comarca do Morrazo, co que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está a habilitar en estradas autonómicas 8 itinerarios peonís seguros, sostibles e integrados na paisaxe. Neste momento están rematadas as obras dos treitos Vilaseca-Lapamán da PO-551, e Coirados-Pardavila na PO-313, en Marín.

Así mesmo, están adxudicadas as obras das sendas entre Trasouto e o Alto da Portela na PO-551 en Bueu, e entre Baguín e Seixo tamén na PO-551 en Marín. Respecto a Moaña, no mes de marzo aprobáronse as expropiacións da senda mixta peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, na PO-551, en Domaio. Salientar que neste caso, tras someter o proxecto a información pública e como resultado das suxestións recibidas, a Xunta aumentou en 300 metros o treito de actuación, de modo que se conectase coa beirarrúa existente no lado de Meira. O proxecto construtivo, con esta mellora, implica un investimento próximo aos 1,7 M€, substancialmente maior da previsión inicial. Este incremento de custo, ademais de pola extensión da lonxitude da senda a construír, débese á necesidade de ampliar a plataforma da estrada cunha estrutura en voladizo para poder ubicar a senda, debido ás condicións topográficas da estrada.



O investimento neste conxunto de sendas acada os 5,2 millóns de euros.

A maiores, tamén estanse a promover as actuacións necesarias para eliminar os treitos de concentración de accidentes na rede autonómica de estradas no Morrazo. A data de hoxe están en execución a mellora da seguridade viaria na PO-551 en Bueu e Marín, e tamén a da mesma estrada en Domaio (Moaña), e estase a traballar noutros proxectos tanto en Cangas como en Moaña, cun investimento conxunto de 3,3 millóns de euros.

En concreto, as actuacións previstas na PO-551 no Concello de Moaña son a mellora da seguridade viaria no entorno do tramo de concentración de accidentes na estrada PO-551, entre os puntos quilométricos 21+100 e 23+000, cuxas expropiacións foron aprobadas recentemente polo Consello da Xunta de Galicia, e entre os puntos quilométricos 29+000 e 32+700. As obras nesta última, que están en execución, inclúe, fundamentalmente, a mellora de interseccións, como a da área recreativa da Cerradiña ou a do porto de Domaio, na que se executará una glorieta, así coma o acondicionamento dos pasos de peóns xa existentes e a construción de dous novos.

En consecuencia, a Xunta de Galicia está a traballar para a mellora da rede viaria autonómica no Morrazo, con actuacións que implican un investimento de 8,5 millóns de euros para a seguridade dos seus usuarios e que inclúe os treitos priorizados da PO-313. Esta programación de actuacións responde en ambos casos a criterios obxectivos, como son o cálculo coa metodoloxía establecida dos treitos de concentración de accidentes, e a estratexia para a sendas na comarca do Morrazo que se pode consultar na páxina web da Axencia Galega de Infraestruturas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 13:29:49

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18381**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para o remate das obras de urbanización do segundo tramo da circunvalación urbana da cidade de Monforte de Lemos”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O tramo da LU-664, comprendido entre o punto quilométrico 1+620 e o punto quilométrico final 2+710, púxose en servizo no ano 2007. A partir deste punto estaba previsto que o Goberno central construíse o seguinte tramo que conectaría coa estrada nacional N-120.

Este treito, de 1.090 metros de lonxitude, foi deseñado como un viario de características periurbanas que achegase conectividade co viario externo e mellorase a mobilidade dos cidadáns de Monforte. Por conseguinte, trátase dun viario de accesos controlados, dotado de vías de servizo laterais para atender ás propiedades colindantes e proporcionar accesibilidade ás mesmas.

Este deseño é totalmente coherente co planeamento urbanístico vixente xa que este tramo da LU-664 non está catalogado como tramo urbano, salvo un anaco na marxe dereita ata o punto quilométrico 2+080.



En relación co anterior, non é competencia da Xunta de Galicia facer obras de urbanización que levan aparelladas a construción de beirarrúas, iluminación peonil ou mobiliario urbano, que, en todo caso, haberían de facerse no espazo que ocupan actualmente os viarios de servizo, cambiando radicalmente, polo tanto, a concepción desta estrada, que, ademais, conectará coa N-120, cando o Goberno central acometa o seu tramo.

Indicar tamén que, segundo a normativa galega ao respecto (OC 1/2008), só se poden habilitar pasos de peóns nos tramos urbanos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:45:10
Nº Rexistro: 31482
Data envío: 03/03/2022 10:45:10.638

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:45:07

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18504**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"a valoración pola Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, coñecido como Plan RehaVita"**, (publicada no BOPG número 176 do 29 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"O Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade en Comisión 2ª o pasado 3 de marzo de 2021 a proposición non de lei 9969 na que se establece que "O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a presentar ao Parlamento de Galicia, ao remate de 2021, un informe sobre a avaliación do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda, coñecido como Plan Rehavita."

Os datos a que fai referencia a pregunta estarán contidos en dito informe, que se atopa en elaboración e será presentado ao Parlamento".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2022 10:15:31
Nº Rexistro: 31315
Data envío: 28/02/2022 10:15:31.968

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2022 10:15:28

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19198**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e don Manuel Lourenzo Sobral, sobre **“os datos referidos ás concesións outorgadas á Xunta de Galicia para a ocupación de terreos pertencentes ao dominio público marítimo-terrestre na Xunqueira de Alba, no concello de Pontevedra, e as súas previsións respecto do traslado das súas instalacións a outra localización”**, (publicada no BOPG número 186 do 12 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia xa está a colaborar no desenvolvemento de solo empresarial no concello de Vigo a través da modificación do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais. Esta modificación inclúe, a solicitude do Concello, a ampliación do parque empresarial de Balaídos, que ten asignado como promotor á Zona Franca.

A Xunta de Galicia tamén colaborou en facilitar a ampliación do Parque Tecnolóxico, tamén asignado á Zona Franca.

A colaboración da Xunta a través das modificacións do plan sectorial cobre as carencias nesta materia do PXOM de Vigo. Sen esas modificacións non se podería desenvolver novo solo en Vigo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2022 12:49:58
Nº Rexistro: 31381
Data envío: 01/03/2022 12:49:58.077

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2022 12:49:50

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19221**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto do establecemento das peaxes nas autovías de titularidade estatal e da transferencia da autoestrada do Atlántico ou AP-9"**, (publicada no BOPG número 186 do 12 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta agarda que a decisión do Goberno de España de atrasar a marzo a aprobación no Consello de Ministros do proxecto de Lei de Mobilidade signifique que o Executivo decidiu dar marcha atrás na súa intención de implantar un sistema de pago por uso das autovías sen ningún tipo de debate ou diálogo previo. O informe da Comisión Galega da Competencia ratifica o que vén alertando a Xunta: que o pago por uso das autovías repercutiría negativamente á economía galega pola situación xeográfica da Comunidade. O Goberno galego vén incidindo en que Galicia non pode aceptar ningún sistema que contribúa a agravar a situación periférica da Comunidade xa que isto suporía ter que afrontar un gasto por mover as mercadorías moi superior ao dos territorios máis próximos aos centros de consumo e demanda".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:45:03
Nº Rexistro: 31481
Data envío: 03/03/2022 10:45:03.373

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:44:59

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19487**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para conservar o patrimonio histórico-arquitectónico de Galicia”**, (publicada no BOPG número 181 do 5 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia Galega de Infraestruturas realiza inspeccións periódicas co fin de coñecer o estado das obras de paso e estruturas que están integradas na rede de estradas de titularidade autonómica. A Ponte Sampaio, situada na estrada PO-264, está incluída nas devanditas inspeccións. Por outra banda, dende o punto de vista da funcionalidade da ponte indicar que a Axencia Galega de Infraestruturas, a través dos seus medios de conservación, realiza habitualmente os traballos necesarios para mantela en servizo.

Non obstante, para poñer en valor a ponte como ben histórico, contratouse por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a redacción dun proxecto con ese obxectivo, no que se incluírá tamén a contorna máis inmediata da ponte, para un tratamento da urbanización máis axeitado, e para mellorar a accesibilidade e a seguridade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2022 10:26:57
Nº Rexistro: 31362
Data envío: 01/03/2022 10:26:57.773

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2022 10:26:55

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19512**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento da directiva europea de protección das aves"**, (publicada no BOPG número 181 do 5 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"A resolución do 26 de abril de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2021/22 prohibe a caza da rula común (*Streptopelia turtur*).

Os tribunais da Unión Europea non teñen imposto sancións económicas á Xunta de Galicia polo incumprimento da Directiva de Aves".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2022 10:15:11
Nº Rexistro: 31313
Data envío: 28/02/2022 10:15:11.671

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2022 10:15:07

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 22031**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actuación do Goberno galego tras a detección da vertedura de xurros no río Tambre o pasado 9 de setembro”**, (publicada no BOPG número 206 do 29 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Dende que houbo constancia da magnitude do vertido ao río Tambre, o Plan de Control de Vertidos de Augas de Galicia procedeu a avisar aos organismos que podían estar afectados polo vertido como a empresa concesionaria da explotación da ETAP do Tambre, que abastece ao municipio de Santiago de Compostela, e ao Servizo Galego de Emerxencias 112 para que alerte a todos os concellos que captan auga do río Tambre augas abaixo do concello de Trazo.

Froito das dilixencias de inspección realizadas, o pasado 20 de setembro a Xunta de Galicia incoa expediente sancionador contra SAT CASA FERNANDO por vertido non autorizado á canle pública no que se fai referencia expresa á reparación de danos nos termos do art. 90 da Lei 9/2010, de Augas de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 13:29:37
Nº Rexistro: 31535
Data envío: 03/03/2022 13:29:37.425

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 13:29:30

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 25664**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o estado de execución do proxecto de reforma da OU-540 no concello de Barbadás"**, (publicada no BOPG número 239 do 10 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 25665, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 284, do 28 de febreiro de 2022, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:44:24





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25703**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Rivera Francisco, sobre **“a execución total dos fondos covid recibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia para axudar as pequenas e medianas empresas e persoas traballadoras autónomas durante os exercicios 2020 e 2021”**, (publicada no BOPG número 239 do 10 de decembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 26 de xaneiro, a conselleira de Emprego e Igualdade daba resposta á pregunta urxente, número de rexistro 28033, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a avaliación da Consellería de Emprego e Igualdade dos catro plans de rescate postos en marcha para mitigar os efectos da covid-19 no tecido produtivo de Galicia. E o 9 de febreiro, facía o correspondente coa interpelación, número de rexistro 28362, sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia no Pleno.

A conselleira de Emprego e Igualdade, reiterou que é preciso que se quede en Galicia o 30% dos fondos dos 3º e 4º plans de rescate que quedou sen executar polas restricións que o Estado impuxo ao tecido empresarial galego para acceder ás axudas. Así, incidiu en que estes fondos teñen que chegar ás pemes e aos autónomos.

Recordou que pese aos esforzos feitos para simplificar o procedemento, dentro da escasa marxe de manobra que deixou o Estado, non puideron executarse preto de 70 millóns dos 234,4 millóns de euros transferidos.



Pola contra, o tecido empresarial galego contou co apoio da Xunta, que se adiantou ao Estado, e nos meses de novembro de 2020 e febreiro de 2021, da man dos colectivos e sectores máis afectados pola covid-19, articulou dous plans de rescate por valor de 182 millóns de euros, logrando atender máis de 80.000 solicitudes.

Remitimos a ligazón á resposta da pregunta urxente número de rexistro 28033:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NmQ3MGZiMGQtMWZmZi00ZWQ0LWJjNDQtMWY5MjViMjJhYWMx&start=14199](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NmQ3MGZiMGQtMWZmZi00ZWQ0LWJjNDQtMWY5MjViMjJhYWMx&start=14199)

Remitimos a ligazón á resposta da interpelación número de rexistro 28362:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NjA4MDU4NTktZGFmOS00NTU5LTk1MzMtMWMYzWNmMGQxZGNh&start=8252](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjA4MDU4NTktZGFmOS00NTU5LTk1MzMtMWMYzWNmMGQxZGNh&start=8252)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2022 10:14:51
Nº Rexistro: 31309
Data envío: 28/02/2022 10:14:51.375

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2022 10:14:42

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 25840**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a execución dos fondos do programa operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional 2014-2020"**, (publicada no BOPG número 239 do 10 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 25841, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 2 do BOPG número 272, do 7 de febreiro de 2022, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:44:04
Nº Rexistro: 31473
Data envío: 03/03/2022 10:44:04.608

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:44:01

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 25876**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para que os concellos de menos de 50.000 e de 20.000 habitantes se poidan beneficiar dos fondos europeos que financian plans e actuacións de mobilidade sostible”**, (publicada no BOPG número 239 do 10 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a pesar dos criterios do Goberno de España na asignación dos fondos europeos Next Generation e dos condicionantes que establece para a súa execución, que supón deixar fóra deste financiamento á maior parte do territorio galego, aproveitará ao máximo estes fondos para avanzar nunha auténtica transformación da mobilidade sostible e das infraestruturas do transporte público.

Galicia disporá de 51 millóns de euros procedentes destes fondos europeos que, seguindo as directrices marcadas polo Goberno central, dedicará a realizar actuacións en áreas metropolitanas de concellos de máis de 50.000 habitantes. A prioridade será avanzar nas estacións intermodais, na dotación de aparcamentos disuasorios en zonas próximas ás entradas ás cidades, na execución de sendas peonís e ciclistas na contorna das principais vías de entrada ás cidades e na mellora





das paradas de autobuses nas estradas autonómicas para facer máis competitivo o transporte público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:43:43



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25925**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e don Xosé Luis Bará Torres, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación co arranxo completo da estrada autonómica LU 636"**, (publicada no BOPG número 244 do 20 de decembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A estrada LU-636, Sarria (LU-546) – Becerreá (N-VI), ten unha lonxitude de 31,47 quilómetros e une as poboacións de Sarria e Becerreá, contando con dous treitos moi diferenciados, Sarria-Saa e Saa-Becerreá.

O tramo de Saa ata Becerreá, onde está situado o Alto de Vilaesteba, ten un trazado coas características propias dunha estrada de montaña, ademais de verse afectada nos meses de inverno polos problemas derivados da neve, xeo, néboas..., aos que se lles fai fronte cada ano coa aplicación do Plan de Vialidade Invernal.

Na LU-636, entre os puntos quilométricos 16+000 e 31+470, contabilizáronse, entre os anos 2016 e 2020, dous feridos leves, concretamente no 2019.

No ano 2020 aforouse a LU-636 no punto quilométrico 27+560, obténdose 467 vehículos diarios.

O tráfico, especialmente as mercadorías, que desde Sarria teñen orixe e destino a A-6 para ir á Meseta, a día de hoxe optan por ir ata Nadela para coller a A-6, dado que a LU-636 é impracticable para elas.



A Axencia Galega de Infraestruturas está realizando un estudio previo para o acondicionamento da LU-636 e variante de Becerreá, no que se analiza o tipo de acondicionamento da estrada dende unha perspectiva da eficiencia na inversión, dada a orografía do tramo que vai dende o punto quilométrico 16+000 ao 27+500.

O obxecto do contrato é a elaboración dun estudo previo de acondicionamento da estrada LU-636 entre os puntos quilométricos 16+000 (Saa) e 27+500 (Herbón), de modo que se avalíe a ampliación da plataforma, a rectificación de curvas e a disposición dalgún treito de terceiro carril, propoñendo varias solucións técnicas e valorándose economicamente.

No treito final da estrada, haberá que estudar a viabilidade técnica e económica dunha variante da estrada (variante de Becerreá) que, partindo do punto quilométrico 27+500 da LU-636 en Herbón, conecte directamente dende a intersección da LU-722 coa N-VI e dese modo coa A-6 a través da LU-722.

O contrato foi adxudicado en abril de 2021 e está previsto que o estudo finalice antes do remate do primeiro trimestre de 2022”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2022 12:59:11
Nº Rexistro: 31285
Data envío: 25/02/2022 12:59:11.269

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2022 12:59:08

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27861**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o número de contaxios na residencia de maiores Domus Vi Bembrive, en Vigo"**, (publicada no BOPG número 267 do 31 de xaneiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"Os usuarios positivos que se rexistraron na residencia de Bembrive contan coas tres doses da vacina e estiveron asintomáticos ou presentaron síntomas leves.

Actualmente nesta residencia non hai ningún usuario contaxiado.

A campaña de vacinación levada a cabo en Galicia, con practicamente o 100% dos usuarios das residencias xa inmunizados, foi o mellor remedio contra a pandemia.

Tal e como avanzaron os expertos desde o primeiro momento, os contaxios séguense producindo, pero as persoas contaxiadas non desenvolven síntomas graves da enfermidade e reduciuse a mortalidade.

O criterio para intervir unha residencia nunca foi o número de usuarios contaxiados, senón a capacidade do centro para facerse cargo da xestión da situación.

En ningún dos casos rexistrados na actualidade corre perigo a calidade da atención das persoas usuarias.



Polo tanto, neste momento de control da pandemia, xunto co elevado grado de vacinación dos residentes e a baixa repercusión clínica dos usuarios positivos, non se considera necesario levar a cabo este tipo de intervención.

No caso de que a situación epidemiolóxica xeral así o requira, habilitaranse os recursos necesarios para seguir garantindo a seguridade e benestar dos nosos maiores.

Á residencia de Bembrive desprazáronse técnicos da Consellería de Política Social, en varias ocasións, onde constataron que se estaba cumprindo o plan de continxencia de forma estrita, e o bo estado dos residentes e as instalacións.

Por outro lado, desde o inicio da pandemia, o Goberno galego facilitou de forma escrupulosa todos os casos cuxa causa de falecemento é a infección por coronavirus. Actualmente, infórmase semanalmente do número de usuarios positivos que hai en cada centro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:43:15
Nº Rexistro: 31467
Data envío: 03/03/2022 10:43:15.312

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:43:12

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28589**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do déficit de prazas en centros de día”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de febreiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é consciente de que os centros de día representan un servizo esencial para as persoas que reciben os seus coidados e para as súas familias, que precisan un recurso de conciliación.

Así, para dar resposta ás necesidades de atención diúrna da poboación galega, o Executivo autonómico está a incrementar progresivamente nos últimos anos a rede de centros de día públicos de Galicia. Na actualidade, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, hai en funcionamento 64 centros que suman máis de 2.500 prazas. Isto supón, que hoxe a nosa Comunidade conta con 39 centros de día máis e 1.800 prazas máis das que dispoñía en 2009.

Ás anteditas prazas públicas de atención diúrna, hai que engadir ás máis 1.700 prazas que tamén contan con financiación da Xunta de Galicia a través dos bonos de atención diúrna que se conceden directamente ás persoas dependentes.

Cómpre indicar, así mesmo, que estes servizos de atención diúrna van máis aló do ámbito local, pois teñen carácter comarcal. Polo tanto, están a disposición das familias do concello onde se empraza e tamén das que residen en localidades da contorna. É dicir, os centros de día da Xunta están pensados e funcionan como equipamentos de carácter supramunicipal, dando servizo a persoas usuarias de varios concellos e que teñen á súa disposición servizo de transporte ao centro.



Ademais dos centros propios, o Goberno galego colabora na posta en funcionamento de centros de día de titularidade e xestión municipal mediante o financiamento de prazas, o que garante que os usuarios destes centros conten con axudas públicas da Xunta. Este é o caso de centros de día como os de Porto do Son, Lousame ou Boimorto, entre outros.

O Goberno galego tamén puxo en marcha as Casas do Maior, unha medida de conciliación destinada a concellos que non teñan no seu termo municipal un centro de día similar, con especial preferencia aos concellos de menor tamaño.

Estes centros atenden de forma totalmente gratuíta a un máximo de 5 persoas maiores de 60 anos durante un máximo de oito horas diarias de luns a venres, con flexibilidade horaria e garantías de seguridade e calidade, posto que os seus responsables teñen formación ou experiencia profesional específica.

Actualmente Galicia conta con 83 casas do maior e superará os 110 destes centros antes de que remate o ano.

Por outra banda, a Xunta porá en marcha nas vindeiras semanas, ao abeiro dos fondos europeos do mecanismo para a recuperación e a resiliencia, un Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais. Este Plan, elaborado de acordo coa Fegamp, contempla financiar ata cun máximo de 600.000 euros a construción de centros de día de titularidade municipal. Neste Plan darase prioridade aos proxectos que presenten os Concellos de menos de 20.000 habitantes e que carezan de recursos das mesmas características”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:43:06
Nº Rexistro: 31465
Data envío: 03/03/2022 10:43:06.594

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:43:03

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29040**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños , e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas fiscais e tributarias previstas polo Goberno galego para contribuír á redistribución da riqueza en relación coas familias monoparentais”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de febreiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As familias monoparentais en Galicia gozan dunha especial consideración, tal como establece a Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. E froito desta especial consideración, a Administración Autonómica xa está a aplicar diversos beneficios co obxectivo de potenciar a acción protectora deste colectivo nos seus distintos ámbitos.

Algúns exemplos destes beneficios son:

- Preferencia na adxudicación de prazas nas escolas infantís públicas 0-3 (1º ciclo de Educación Infantil)
- Preferencia no acceso ao servizo de casas-niño subvencionado pola Xunta de Galicia
- Preferencia na admisión de alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Redución dun 20% das tarifas a aboar polas prazas nas escolas infantís públicas e sostidas por fondos públicos.
- Preferencia no acceso ás estadías estivais nas residencias de Tempo Libre da Xunta de Galicia en Panxón e O Carballiño.



- Preferencia na adxudicación de prazas para mozos e mozos (de 16 a 30 anos) nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Política Social.
- Bonificación dos prezos para a campaña de verán nos campamentos xuvenís organizados pola Consellería de Política Social, cunha redución do 50%.
- Acceso aos programas específicos para este colectivo, como o "Programa de Apoio ás familias monoparentais" que desenvolve a entidade Cáritas Diocesana-Abeiro e que se centra en facilitar o acceso ao mundo laboral e previr situacións de risco.
- Consideración da situación de monoparentalidade no acceso á Renda de Inclusión de Galicia e ás axudas de emerxencia social.
- Consideración das familias monoparentais con fillas/os como beneficiarios con dereito a protección preferente no acceso á vivenda de protección autonómica.
- Consideración das mulleres con responsabilidade familiares non compartidas como colectivo prioritario para a inclusión dos programas de recursos integrais de atención especializada dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

En todo caso, a Xunta de Galicia está a traballar na tramitación do Decreto que regulará a condición de familia monoparental e que permitirá poñer en marcha o Rexistro de Familias Monoparentais de Galicia, e para iso xa iniciou un proceso de escoita coas principais entidades representativas deste colectivo, co obxectivo de recoller as súas achegas de cara a elaboración deste decreto".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:42:58
Nº Rexistro: 31464
Data envío: 03/03/2022 10:42:58.359

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:42:55

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 29950**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Manuel Lourenzo Sobral e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto respecto do futuro da concesión da Central do Inferno no río Verdugo"**, (publicada no BOPG número 278 do 17 de febreiro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 29952, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 22 de febreiro de 2022, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade explicou que o Goberno galego está a ultimar o informe técnico sobre a explotación da concesión hidroeléctrica Ponte do Inferno, no río Verdugo, tendo presentes as peculiaridades do salto, as características da masa de auga e a repercusión ambiental das súas instalacións. Tamén dixo que a Xunta dará trámite de audiencia a todos os interesados, analizará as achegas trasladadas e resolverá a concesión de Ponte do Inferno de acordo á normativa vixente e atendendo ao interese xeral.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=MDY5M2U1YTQtZTg5NC00NjhLLWE3ODgtZTE2M2JhNzRjZmY2&start=10147](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDY5M2U1YTQtZTg5NC00NjhLLWE3ODgtZTE2M2JhNzRjZmY2&start=10147)



[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MDY5M2U1YTQtZTg5NC00NjhLLWE3ODgtZTE2M2JhNzRjZmY2&start=10484](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDY5M2U1YTQtZTg5NC00NjhLLWE3ODgtZTE2M2JhNzRjZmY2&start=10484)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2022 10:42:46
Nº Rexistro: 31463
Data envío: 03/03/2022 10:42:46.563

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/03/2022 10:42:38

CSV: BOPGDSPG-2esKzKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-2eskKsev-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

